

**Número 2 - Ano 2022.**

**ACTA**

**da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**24 de febreiro de 2022**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e cinco minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asisten DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana, nin DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas, que xustificaron a súa ausencia.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2022 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/15 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2021.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**FACENDA LOCAL**

2/16 APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

3/17 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 109, REGULADORA DAS TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

4/18 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 114, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO.

5/19 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS.

6/20 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 153, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.

7/21 APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 157, REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR PARTE DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

8/22 APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

9/23 APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

### **INTERVENCIÓN**

10/24 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1-2022.

### **ACTAS E GOBERNO**

11/25 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (Exp. 2022/G004/000138).

### **PERSOAL**

12/26 CORRECCIÓN DE ERRO DE FEITO NA PLANTILLA ORGÁNICA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (ORZAMENTO XERAL ANO 2022 PERSOAL FUNCIONARIO).

### **URBANISMO**

13/27 PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS: APROBACIÓN INICIAL.

### **PROPOSICIÓNS**

14/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 34/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACADAR UN TRATO MÁIS CONSIDERADO PARA OS NÓSOS MAIORES POR PARTE DAS ENTIDADES BANCARIAS (Exp. 2022/G004/000121).

15/29 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 62/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA POÑER EN MARCHA UN PLAN DE CONVIVENCIA VECIÑAS COMO CONSECUENCIA DA OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS (Exp. 2022/G004/000154).

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**ACTAS E GOBERNO**

16/30 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE XANEIRO 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2022/G004/000146).

17/31 DACIÓN DE CONTA DA INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (Exp. 2022/G004/000094).

**TESOURERÍA**

18/32 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE 2021.

19/33 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO 2022.

**ROGOS E PREGUNTAS**

**ROGOS:**

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 66/2022 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVO Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A RENOVACIÓN DA REDE DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DO POLÍGONO DO CEAO.
- B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 67/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR, A REACTIVACIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E OUTRAS MELLORAS NO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

**PREGUNTAS:**

- A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 65/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA DEMANDA DOS VECIÑOS DE CASTELO USUARIOS DA LIÑA 5 DO BUS URBANO.
- C) **DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL INSTANDO ÁS AUTORIDADES DA REPÚBLICA DE EL SALVADOR A DAR CUMPRIMENTO Á SENTENZA DO TRIBUNAL INTERAMERICANO DE DERECHOS HUMANOS DO 2 DE NOVEMBRO DE 2021.
- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA VISIBILIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS - 28 DE FEBREIRO.
- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.
- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL COMO MOSTRA DE PESAR POLAS VÍCTIMAS DO NAUFRAXIO DO PESQUEIRO "VILA DE PITANXO".

Aberto o acto, a Presidenta, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, sinala: a verdade que é un pracer volver a recuperar a presencialidade e ver, pois se non as caras completas que aínda non nos toca, pero si ver aos compañeiros e compañeiras de corporación nas sesións plenarias. Iniciamos o Pleno, desexándolle tamén ao compañeiro do Goberno e da Corporación, a Álex, pois unha pronta recuperación dun incidente que tivo no día de onte.

Seguidamente, e da da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes **ACORDOS**:

**1/15 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2021.**

Vista a proposta da Secretaría do seguinte teor literal:

“O día 30 de decembro de 2021, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes da que se levantou a correspondente acta que, unha vez transcritas as intervencións nela producidas e ultimada a súa redacción, foi asinada polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos: APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de decembro de 2021.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de decembro de 2021.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**FACENDA LOCAL**

**2/16 APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

**1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**, do seguinte teor:

“Visto o informe do Adxunto de Servizo de Facenda Local do 4 de xaneiro de 2022 co conforme da Asesoría Xurídica.

Visto o anteproxecto da Ordenanza fiscal xeral desta Tenenta de Alcaldesa co conforme do Interventor Xeral Municipal de data do 7 de xaneiro de 2022.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data do 24 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data do 31 de xaneiro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral.

En razón do exposto, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL XERAL**

Engádesse un novo artigo 18º bis, co seguinte contido:

**“ARTIGO 18º bis. RELACIONES ELECTRÓNICAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

1. *Están obrigados/as a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:*

- *As persoas xurídicas.*

- *As entidades sen personalidade xurídica.*

- *Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos/as os Notarios/as e Rexistradores/as).*

- *Quen represente a un interesado ou interesada que estea obrigado/a a relacionarse electronicamente coa Administración.*

2. *Fora do suposto mencionado no apartado 1 precedente, as persoas físicas poderán optar en todo momento entre comunicarse coa Administración Tributaria do Concello de Lugo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas (previa autenticación e acreditación da súa identidade) por medios electrónicos, a través de correo ordinario ou presencialmente. Así mesmo, poderán escoller a forma no que o Concello emitirá a súa resposta á comunicación da persoa interesada: por medios electrónicos ou polos medios ordinarios antes mencionados.*

3. *A cidadanía terá dereito a relacionarse electrónicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Oficina Virtual Tributaria”.*

Engádesse un novo parágrafo ao punto 1 do artigo 24º bis, que queda redactado como segue:

*“1.- Os adquirentes de bens inmobles afectos por lei ao pago da débeda tributaria por derivación da acción tributaria. En particular, cando se transmita a propiedade, ou a titularidade dun dereito real de usufruto, ou de superficie, ou dunha concesión administrativa, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade das cotas devengadas polo Imposto sobre Bens Inmobles, estean liquidadas ou non. O importe da débeda a que se estende a responsabilidade só alcanzará á cota do Imposto sobre Bens Inmobles relacionado co inmovible adquirido é devengadas con anterioridade á data de transmisión, sempre que non estea prescrita.*

*A estos efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite. A citada consulta terá efectos meramente informativos; so o certificado de débedas pendentes de pagamento expedido polo Excmo. Concello de Lugo, relativo ó ben inmovible obxecto de transmisión, terá carácter vinculante para esta administración”.*

Modifícase o punto 1 do artigo 39º, que queda redactado como segue:

*“1. O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*ou caixas de aforros, tras a solicitude á Administración municipal e segundo os requisitos establecidos no artigo 38º do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.*

*Para iso os interesados dirixirán comunicación á Tesourería municipal ó menos dous meses antes do comezo do período de cobro a través do Rexistro de Entrada do Concello ou a través do procedemento habilitado na sé electrónica. Noutro caso, a comunicación xurdirá efecto a partir do período seguinte”.*

Modifícase o punto 9 do artigo 59º, que queda redactado como segue:

*“9. Cando non fose posible efectuar a notificación, citarase ós obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Tablón Edictal Único. Na publicación constarán a relación de notificacións pendientes indicando:*

*- Obrigado tributario.*

*- Procedemento que as motiva.*

*- Órgano que as tramita.*

*- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este último de 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación.*

*Transcorrido dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais ao día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado”.*

Engádesse un novo punto 10 ao artigo 59º, coa seguinte redacción:

*“10. As notificacións da Administración Tributaria do Concello de Lugo practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando a persoa interesada estea obrigada a recibilos por esa vía. As notificacións electrónicas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido.*

*Entenderase rexeitada a notificación, cando transcorreran 10 días naturais dende a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.*

*Cando o interesado sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e o Concello de Lugo non dispoña de datos de contacto electrónicos para practicar o aviso da súa posta a disposición, nos procedementos iniciados de oficio a primeira notificación realizarase en papel na forma determinada polo artigo 42.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, advertindo ao interesado que as sucesivas se practicarán en forma electrónica, e dándolle a coñecer que, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, pode identificar un dispositivo electrónico, unha dirección de correo electrónico ou ambos para o aviso da posta ao dispor das notificacións electrónicas posteriores”.*

Modifícase o punto 8 do artigo 74º, que queda redactado como segue:

*“8. Coa finalidade de conxugar o respecto o principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, e tendo en conta a eficiencia na xestión recadatoria, establécense os requisitos e condicións que se terán que verificar con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrible.*



As actuacións a documentar no expediente de declaración de fallido serán as seguintes:

a) *Persoas físicas*

- *Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de soldos, salarios e pensións. Tras consulta á Tesourería Xeral da Seguridade Social, o contribuínte non ha de figurar como asalariado en ningunha empresa do termo municipal.*

- *Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben éste figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria, ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

- *Embargo de bens inmoables. Tras consulta ó Rexistro Central de Indices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmoable dentro do termo municipal. En caso de resultar positiva, o ben inmoable debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.*

b) *Persoas xurídicas.*

- *Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de créditos, dereitos e valores: A solicitude á Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre a declaración anual de operacións con terceiras persoas deberá ser negativa. En caso de ser positiva, a entidade xestora deberá comunica-los motivos que imposibilitan levar a cabo a citada actuación.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben éste figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria, ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.

- Embargo de bens inmobles. Tras consulta ó Rexistro Central de Indices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmovible dentro do termo municipal. En caso de resultar positiva, o ben inmovible debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.

- Investigación no Rexistro Mercantil sobre a situación actual da empresa e dos seus administradores.

- Investigación na sede da empresa para verificar si existe ou non actividade, si se trata dunha empresa distinta da debedora con actividade distinta ou si se trata dunha empresa distinta que desenvolve una actividade similar á da debedora".

Engádense dous novos puntos 3 e 4 ao artigo 75º, coa seguinte redacción:

"3. Se a débeda estivese garantizada e resultase impagada nos prazos do artigo 62.5 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procederase a executar a garantía, salvo que sexa de aplicación o disposto no artigo 168, segundo parágrafo, da citada lei.

En todo caso, o procedemento de execución de garantías desenvolverase de acordo coas previsións contidas no artigo 74 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, que non esixe a declaración de falido do debedor principal a diferenza do procedemento de derivación de responsabilidade subsidiaria por afección.

4. No procedemento de constrinximento fronte aos responsables adquirentes de bens afectos ao pagamento do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana nos que exista unha desproporción entre o importe garantido e o valor do ben garante, serán de aplicación os principios de proporcionalidade no embargo, menor onerosidade e menor prexuízo para o debedor, de acordo coa previsión contida no parágrafo segundo do artigo 168 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que permite á Administración optar polo embargo e alleamento doutros bens ou dereitos con anterioridade a execución da garantía, ou ao obrigado ó pago, sempre que o solicite e sinale bens suficientes ó efecto. Nestos casos, a garantía presentada quedará sen efecto na parte asegurada polos embargos".

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril."

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

### ORDENANZA FISCAL XERAL

Engádesse un novo artigo 18º bis, co seguinte contido:

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

**“ARTIGO 18º bis. RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

*1. Están obrigados/as a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:*

*- As persoas xurídicas.*

*- As entidades sen personalidade xurídica.*

*- Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos/as os Notarios/as e Rexistradores/as).*

*- Quen represente a un interesado ou interesada que estea obrigado/a a relacionarse electronicamente coa Administración.*

*2. Fora do suposto mencionado no apartado 1 precedente, as persoas físicas poderán optar en todo momento entre comunicarse coa Administración Tributaria do Concello de Lugo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas (previa autenticación e acreditación da súa identidade) por medios electrónicos, a través de correo ordinario ou presencialmente. Así mesmo, poderán escoller a forma no que o Concello emitirá a súa resposta á comunicación da persoa interesada: por medios electrónicos ou polos medios ordinarios antes mencionados.*

*3. A cidadanía terá dereito a relacionarse electrónicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Oficina Virtual Tributaria”.*

Engádesse un novo parágrafo ao punto 1 do artigo 24º bis, que queda redactado como segue:

*“1.- Os adquirentes de bens inmoables afectos por lei ao pago da débeda tributaria por derivación da acción tributaria. En particular, cando se transmita a propiedade, ou a titularidade dun dereito real de usufruto, ou de superficie, ou dunha concesión administrativa, os bens inmoables obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade das cotas devengadas polo Imposto sobre Bens Inmoables, estean liquidadas ou non. O importe da débeda a que se estende a responsabilidade só alcanzará á cota do Imposto sobre Bens Inmoables relacionado co inmoable adquirido é devengadas con anterioridade á data de transmisión, sempre que non estea prescrita.*

*A estos efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmoables asociadas ao inmoable que se transmite. A citada consulta terá efectos meramente informativos; so o certificado de débedas pendentes de pagamento expedido polo Excmo. Concello de Lugo, relativo ó ben inmoable obxecto de transmisión, terá carácter vinculante para esta administración”.*

Modifícase o punto 1 do artigo 39º, que queda redactado como segue:

*“1. O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, tras a solicitude á Administración municipal e segundo os requisitos establecidos no artigo 38º do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.*

*Para iso os interesados dirixirán comunicación á Tesourería municipal ó menos dous meses antes do comezo do período de cobro a través do Rexistro de Entrada do Concello ou a través do procedemento habilitado na sé electrónica. Noutro caso, a comunicación xurdirá efecto a partir do período seguinte”.*

Modifícase o punto 9 do artigo 59º, que queda redactado como segue:

*“9. Cando non fose posible efectuar a notificación, citarase ós obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Tablón Edictal Único. Na publicación constarán a relación de notificacións pendientes indicando:*

- Obrigado tributario.*
- Procedemento que as motiva.*
- Órgano que as tramita.*
- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este último de 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación.*

*Transcorrido dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais ao día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado”.*

Engádesse un novo punto 10 ao artigo 59º, coa seguinte redacción:

*“10. As notificacións da Administración Tributaria do Concello de Lugo practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando a persoa interesada estea obrigada a recibilos por esa vía. As notificacións electrónicas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido.*

*Entenderase rexeitada a notificación, cando transcorreran 10 días naturais dende a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.*

*Cando o interesado sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e o Concello de Lugo non dispoña de datos de contacto electrónicos para practicar o aviso da súa posta a disposición, nos procedementos iniciados de oficio a primeira notificación realizarase en papel na forma determinada polo artigo 42.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, advertindo ao interesado que as sucesivas se practicarán en forma electrónica, e dándolle a coñecer que, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, pode identificar un dispositivo electrónico, unha dirección de correo electrónico ou ambos para o aviso da posta ao dispor das notificacións electrónicas posteriores”.*

Modifícase o punto 8 do artigo 74º, que queda redactado como segue:

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*“8. Coa finalidade de conxugar o respecto o principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, e tendo en conta a eficiencia na xestión recadatoria, establécense os requisitos e condicións que se terán que verificar con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable.*

*As actuacións a documentar no expediente de declaración de fallido serán as seguintes:*

*a) Persoas físicas*

*- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de soldos, salarios e pensións. Tras consulta á Tesourería Xeral da Seguridade Social, o contribuínte non ha de figurar como asalariado en ningunha empresa do termo municipal.*

*- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben éste figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confírmase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria, ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

*- Embargo de bens inmobles. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmovible dentro do termo municipal. En caso de resultar positiva, o ben inmovible debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.*

*b) Persoas xurídicas.*

*- Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

*- Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses debeuse intentar este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- Embargo de créditos, dereitos e valores: A solicitude á Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre a declaración anual de operacións con terceiras persoas deberá ser negativa. En caso de ser positiva, a entidade xestora deberá comunica-los motivos que imposibilitan levar a cabo a citada actuación.

- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben este figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confirmarase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria, ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.

- Embargo de bens inmoables. Tras consulta ó Rexistro Central de Indices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmoable dentro do termo municipal. En caso de resultar positiva, o ben inmoable debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.

- Investigación no Rexistro Mercantil sobre a situación actual da empresa e dos seus administradores.

- Investigación na sede da empresa para verificar si existe ou non actividade, si se trata dunha empresa distinta da debedora con actividade distinta ou si se trata dunha empresa distinta que desenvolve una actividade similar á da debedora”.

Engádense dous novos puntos 3 e 4 ao artigo 75º, coa seguinte redacción:

“3. Se a débeda estivese garantizada e resultase impagada nos prazos do artigo 62.5 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procederase a executar a garantía, salvo que sexa de aplicación o disposto no artigo 168, segundo parágrafo, da citada lei.

En todo caso, o procedemento de execución de garantías desenvolverase de acordo coas previsións contidas no artigo 74 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, que non esixe a declaración de falido do debedor principal a diferenza do procedemento de derivación de responsabilidade subsidiaria por afección.

4. No procedemento de constrinximento fronte aos responsables adquirentes de bens afectos ao pagamento do Imposto sobre Bens Inmoables de Natureza Urbana nos que exista unha desproporción entre o importe garantido e o valor do ben garante, serán de aplicación os principios de proporcionalidade no embargo, menor onerosidade e menor prexuízo para o debedor, de acordo coa previsión contida no parágrafo segundo do artigo 168 da Lei 58/2003 de 17 de

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*decembro, Xeral Tributaria, que permite á Administración optar polo embargo e alleamento doutros bens ou dereitos con anterioridade a execución da garantía, ou ao obrigado ó pago, sempre que o solicite e sinale bens suficientes ó efecto. Nestos casos, a garantía presentada quedará sen efecto na parte asegurada polos embargos”.*

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.”

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... tal como habíamos acordado na Xunta de Portavoces imos proceder a facer o debate conxunto do punto 2 ao punto 9, as oito propostas de modificación. Iniciando, pois, o debate, a conselleira de Economía e portavoz do Goberno, Paula Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

Bueno, traemos á aprobación inicial de modificación de ordenanzas fiscais deste exercicio, modifícanse sete ordenanzas fiscais e se implanta una nova, a 157, que regula a taxa para gravar ás distribuidoras de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos pola ocupación do espazo público.



As modificacións obedecen na maioría dos casos a variacións semánticas na redacción dos preceptos, ou tamén nalgunha delas, á necesidade de adecualas ao actual marco normativo. Deste xeito a revisión que se efectúa neste ano afectará, en primeiro lugar, á ordenanza fiscal xeral, que incorporará cambios relativos fundamentalmente á regulación da relación entre a Administración e os administrados, no que ten que ver coa tramitación electrónica e coa incorporación de documentos. Tamén á ordenanza da auga, a 109, que se clarifican os casos polos que se rexe o consumo estimado, naqueles casos en que exista inexistencia de lectura do contador.

Maior alcance ten a ordenanza fiscal de mercado, a 114, na que a principal novidade é que se pasa a contemplarse a utilización das instalacións para realización de actividades culturais, sociais, deportivas, etcétera, así como as súas tarifas correspondentes.

Tamén a ordenanza de escolas infantís, a 116, que contemplará a gratuidade total da escolarización para segundos e sucesivos fillos, e tamén se varía a redacción empregando unha linguaxe non sexista. A ordenanza fiscal de pasaxes, a 153, o que fixemos neste caso foi contemplar novos importes para as pasaxes comerciais limitadas. Aquelas que teñen un horario laboral limitado, de 8 a 20 horas, agás domingos e festivos, segundo un novo estudo de costes que se elaborou tendo en conta as reivindicacións que nos trasladou a cidadanía. Deste xeito estas tarifas das pasaxes comerciais, con este horario limitado, diminuirán practicamente a metade, sendo a medida de aplicación inmediata trala súa aprobación.

Elabórese, tamén, como dicía, a nova ordenanza fiscal, a 157, para a implantación e ordenación desta nova ordenanza fiscal asinouse un convenio inter-administrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello, rematando así a amnistía fiscal para as grandes distribuidoras de enerxía. A decisión obedece á vontade deste Executivo de acadar un equidade tributaria, que atenda a criterios de proporcionalidade de acordo coa ocupación que estas empresas fan do espazo público para obter beneficios económicos.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Tamén se adaptou a ordenanza de vehículos de tracción mecánica, a número 200, que reitera que non cabe a equiparación automática entre a incapacidade permanente total y a discapacidade do 33%, grao co que se obténa exención da tributación deste imposto. Aquí hai que facer una exposición publica, una modificación...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Finalizou o seu tempo, moitas grazas. Iniciamos aquenda agora da portavoz de Cidadáns, tres minutos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e á todas.

Pois, hoxe ven ao Pleno o traballo de 365 días de este bi-goberno, en concreto de vostedes, señora Alvarellos, a máxima responsable. Iso me apetece preguntarlle, se está vostede satisfeita. Porque nun dos anos economicamente máis complicados para a cidadanía, só foron vostedes capaces de asumir cambios nas ordenanzas fiscais puramente técnicos ou de adaptación á normativa vixente, e a proposta dos servizos responsables e a rebaixa das pasaxes logo das múltiples queixas e presións dos afectados polas subidas. E non sería porque isto no se lle advertiu, pero non hai peor cego que aquel que non quere ver.

E o mesmo lles aconteceu coas ordenanzas das terrazas, que hoxe pois, ata que tiveron a sentenza que o confirma, vostedes non asumiron o seu tremendo erro. Agora vense obrigados a retirala, a deixala en suspenso e a modificala novamente.

E ademais deste mínimo esforzo e traballo, preséntanas tarde. Cando o normal é estar debatendo este asunto no Pleno do outubro, vostedes catro meses máis tarde. Nós estábamos convencidos de que este tempo de espera pois tiña que merecer a pena pero a verdade, a vista está, é que estábamos equivocados. Unha mostra máis de que o que lles falta pois son gañas de traballar pero sóbralles postureo.

E, por suposto, os seus socios de Goberno nin palabra, non vaia a ser que presentar una fiscalidade que repercuta nos petos dos nosos veciños lles vaia a favorecer ó Partido Socialista e deixalos a eles en mal lugar.

Pero todo isto lles pasa por non querer escoitar, e por rexeitar de xeito reiterado as gañas de aportar que si temos dende a oposición. Desde Ciudadanos pedimos en múltiples ocasións, creo que a última foi en setembro, que convocara a mesa de traballo creada para mellorar e actualizar as ordenanzas fiscais, tendo en conta ademais que este ano 2022 ten que ser o ano da recuperación, polo que é preciso dotar a esta Administración dunha fiscalidade acorde a este momento. Seguramente de ter vostede convocada a mesa pois hoxe sería moi diferente e ata se sentiría orgullosa do traballo realizado. Sería o resultado do diálogo e do acordo, pero preferiron vostedes valerse por si mesmos e o que aquí trae hoxe, pois é lamentable.

Tanto que nin tan se leron os doce concelleiros presentes na Xunta de Goberno Local o que ían a votar, porque nin se deron conta de que modifican ordenanzas que seguen contando cunha linguaxe obsoleta e xa non admitida. Xa sabe que dende Ciudadanos pois temos a costume de ler o que imos votar, cousa que comprobamos que vostedes non fan. Esto... nós sempre lemos o que vostedes nos presentan por si acaso, isto débese a que xa perdemos a confianza porque xa non nos fiamos de vostedes.

Levan vostedes seis anos comprometéndose a actualizar o rueiro fiscal, seguimos igual. Dende Ciudadanos pedímoslle cada ano que faciliten ós cidadáns o pago dos tributos establecendo plans de pago, nin se molestan. Presumen vostedes de Lugo Transforma pero a nosa cidade segue sen contar cunha estratexia fiscal que atraia novas empresas e novos investimentos, e moito menos que sirva para coidar o noso comercio local. E por suposto nada en relación ó IBI, ó ICIO, nada.

Falan vostedes cada día da sustentabilidade e ata constrúen edificios sostibles pero non se acordan de facer posible que os impostos lucenses tamén favorezan ese compromiso persoal ou empresarial. O ano pasado xa lle dixemos que esperábase moito máis de vostedes, este ano volven a ser decepcionantes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

**- ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa.

Bueno, creo que esta proposta de ordenanzas resúmese en tarde, mal e a rastro, como todo neste bi-goberno do PSOE e do BNG; e ademais, en que son unhas ordenanzas continuistas que só teñen cambios técnicos, pequenos cambios técnicos, ou outros inducidos pola realidade, pola presión do grupo de quen lles fala, do grupo do Partido Popular. E en definitiva, tamén son unhas ordenanzas que perpetúan esa subida de impostos destes últimos anos por parte do PSOE e do BNG.

Si que temos que agradecer que algunhas destas ordenanzas tiveron a consideración de adoptar as medidas ou os cambios que lle pedimos dende o Partido Popular. Por exemplo, a Ordenanza 109 de abastecemento de auga, si finalmente tiveron que caer da burra, reformular o estudo da estimación de costes, despois de anos de dicirlles que tiñan que modificalo. Despois de axudar a centos de lucenses a tramitar reclamacións contra os cobros abusivos da taxa da auga o do recibo da auga por culpa de non facer as lecturas. Pero foi un cambio a medias, porque despois non dividiron a lectura, en caso de non facer lectura durante varios trimestres non se divide en trimestres, por tanto seguen multiplicando o coste do metro cúbico.

Por iso nos absteremos, porque agradecemos que tomaran en consideración unha parte da nosa proposta, pero non toda. O que si que lles pedimos e que esas reclamacións que axudamos a tramitar os lucenses e que vostedes están estimando, é dicir, recoñecendo o atraco perpetrado ós lucenses co recibo da auga, bueno, pois que lles devolvan os cartos xa, porque a maioría deles, por non dicir todos, seguen sen recibir eses cartos.

En canto á ordenanza de escolas infantís votaremos a favor, obviamente, porque grazas á Xunta de Galicia a partir do segundo fillo as garderías son gratis. Simplemente o que fixeron foi reflectir nas ordenanzas municipais a política de incentivos á natalidade da Xunta de Galicia. Así que agradecémoslle este cambio.

En canto á 153 das pasaxes, simplemente a realidade é tan crúa que fai máis de un ano que dixemos, señora Alvarellos, dende o Partido Popular que esa

ordenanza era abusiva, que ía a subir de forma brusca e tallante os recibos das pasaxes nesta cidade. A realidade é teimuda, subíronos de forma abusiva e agora ten que recuar, ten que volver a rectificar. Porque non lle queda máis remedio, pola presión de asociacións, como pode ser a asociación que aglutina os talleres, entre outros, e pola presión deste grupo do Partido Popular teñen que recuar. Votaremos a favor deste cambio.

A 152 foi unha sorpresa. A Ordenanza 152 tivérona que quitar porque lla tombaron no Xulgado. É un dos éxitos que están acumulando en canto ás sentencias xudiciais, van acumulando éxito tras éxito. Bueno, non sei se estou sendo xa demasiado sarcástico nisto. Pero é que vamos, cada xuízo no que se presentan saben que a garantía é de que van a perder. E este é outro caso máis. Por certo, a ordenanza 153, que si que lles votaremos a favor, vai camiño tamén de que lla tomben, porque tamén está pendente dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En canto a ordenanza 157 home, totalmente de acordo, pero é que chegan 14 anos tarde. É que chegan 14... -perdón- 16 anos tarde. Votaremos a favor de que lle cobren ás eléctricas, pero é que levan 16 anos de retraso en facelo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos, entón, a segunda quenda de intervención. Minuto y medio para a portavoz do Goberno.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bueno, o primeiro que lle quero contestar a ambos portavoces neste momento, é respecto a tardanza. Non foi tal tardanza. O que está claro é que a ordenanza fiscal reguladora do imposto de incremento de valor dos terreos urbanos, a famosa plusvalía, si estabamos advertidos de que ía cambiar.

De feito, como ben sabedes, o Tribunal Constitucional dictou unha sentenza o 26 de outubro do 2021 e propúxose a necesaria dotación ao disposto no Real Decreto 26/2001, do 8 de novembro, é dicir, tiña que adaptarse o texto refundido da Lei de Facendas Locais á aprobación do real decreto e a recente xurisprudencia. Polo tanto, tivemos que esperar. Isto motivou a espera para facelos todos xuntos.

Esta foi a principal causa, polo tanto non é así porque o outro estaba todo preparado.

Respecto ás mesas de ordenanzas, non volvo a repetir que pasou coa mesa de ordenanzas do ano 2020, porque creo que xa é reiterar demasiadas veces, pero ¿Por que non se convocou? Vostede o sabe.

Respecto á palabra “discapacidade”, como sabe, aparece nese... nese parágrafo do artigo 200 hasta sete veces, e hai dúas veces que por erro púxose “minusvalía” pero bueno, doullo a gañar, señora Louzao.

Respecto da sentenza, porque parece que non leu a sentenza. A sentenza estima parcialmente dos oito criterios modificadores que ten, dos oito coeficientes correctores o que fai é tombar tres. É certo, estamos facendo un novo estudio de costes e asumímolo.

Porque, señor Ameijide, rompe os pratos o que os lava, o que está mirando no sofá e xogando á Play-Station nunca...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para á portavoz de Cidadáns.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Repítolle, señora Alvarellos, que non hai peor cego que o que non quere ver. Mire, escusas pois de mal pagador, porque 365 días para presentar hoxe estas modificacións fiscais, pois mire dunha ordenanza, pero é que hai moitas máis. E mire, non nos vale, non nos vale.

Porque as taxas e os impostos municipais soportan, isto creo que é moi importante, o gasto público desta Administración. E nós entendemos que vostedes non queiran rebaixar os impostos ós lucenses porque saben vostedes que sería imposible manter o seu nivel de gasto absurdo e incontrolado, que seguirán incrementando ano a ano. Así quedou de manifesto na Conta Xeral do ano pasado, onde se constatou que gastan vostedes máis de 10 millóns de euros que ingresan e vostedes prefiren apostar por proxectos innecesarios en lugar de apostar por todos os nosos veciños cunha fiscalidade axustada e acorde ó momento actual.

Simplemente isto é cuestión de prioridades e, como se pode comprobar, están bastante distantes as súas das nosas.

Hoxe claro está que, ante estas modificacións que son puramente estéticas, axustadas a legalidade, pois non... non podemos non votar a favor, pero si queremos deixar de manifesto que Lugo perde, un ano máis, a oportunidade de contar cunha fiscalidade atractiva, que aposte polo desenvolvemento e o crecemento económico e que estea á altura das circunstancias que vivimos. É simplemente isto sucede por contar cun bi-goberno preocupado polo accesorio, e non polo prioritario.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señora Alvarellas, ler a sentenza, home, todos limos esa sentenza. Eu o que lle pido é que abandone esa estratexia de confrontación, de prepotencia, de soberbia e de algunha vez por todas, sexan humildes. Sexan humildes e, home, hai que ter humildade de cando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lles tomba unha ordenanza, recoñecer o erro. Non pasa nada. Todos nos equivocamos. Recoñeza o erro. Equivocáronse, tombáronlle esa ordenanza, está camiño de que lle tombe a ordenanza 153 tamén, a de pasaxes. Recoñeza o erro, corríxano e sigamos traballando.

Nos ofrecémonos a traballar, a axudarlles a colaborar na mellora destas ordenanzas, pero vostedes seguen instalados nesta prepotencia, que demostra coas súas verbas, de nin sequera recoñecer un fallo que vén avalado por una sentenza de Xulgado. Teñan humildade, de verdade.

Son unhas ordenanzas que seguen perpetuando a subida de impostos destes últimos anos, e as poucas que cambian, son gracias... que cambian, son grazas á presión do Partido Popular: pasaxesc, auga e as garderías infantís, entre outras.

Pero néganse a adoptar modificacións e bonificacións nas ordenanzas para mellorar ou incentivar o investimento privado nesta cidade, para captar empregos,

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

para captar riqueza, para captar proxectos e que invistan nesta cidade. Por exemplo, néganse a modificar as ordenanzas 103, 104, 121 e 202 para establecer bonificacións de entre o 50 e 95% ós novos proxectos, á mellora e rehabilitación de vivendas, néganse a incentivar o emprendemento, ampliación de negocios, a creación de novos negocios, a que cheguen empresas a nosa cidade, a apertura de establecementos. Néganse a incentivar todo iso.

¿Por que? Porque seguen querendo recaudar en base a todo e isto non é a cuestión. Hai que atraer inversores. Canta máis xente veña, canto máis postos de traballo se xeren na nosa cidade, non se preocupe...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas gracias. Pois, última quenda para a portavoz do Goberno, 30 segundos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Gracias, señora alcaldesa. Prepotencia, díxolle o pote ó caldeiro. O que si é certo, o que si é certo é que a carga impositiva para a nosa veciñanza vaise manter, non se vai a elevar, senón todo o contrario. Somos moi sabedores de que neste momento, o principal obxectivo é acadar a recuperación económica e social do noso municipio. De aí que todos os prezos públicos e tributos, porque probablemente vostede non o sabe porque non o leu, manteñen os seus importes, e como no caso das pasaxes, diminúen.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Procedemos, entón, a votación por separado de cada un dos puntos segundo a orde do día.

**3/17 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 109, REGULADORA DAS TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:



1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do seguinte teor:

“Visto o informe do Adxunto de Servizo de Facenda Local do 4 de xaneiro de 2022 co conforme da Asesoría Xurídica.

Visto o anteproxecto da Ordenanza fiscal núm. 109, reguladora das Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio desta Tenenta de Alcaldesa co conforme do Interventor Xeral Municipal de data do 7 de xaneiro de 2022.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data do 24 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data do 31 de xaneiro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 109, reguladora das Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

En razón do exposto, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 109, reguladora das Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 109  
TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA  
POTABLE A DOMICILIO**

Engádesse un novo punto 2.4 ao artigo 5º.2, coa seguinte redacción:

*“2.4 No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores tres trimestres.*

*De non existir o dato anterior, facturárase nese trimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados para o primeiro tramo de consumo regulado nos epígrafes a) e b) do artigo 4º B.”*

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES,

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022:

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 109, reguladora das Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 109  
TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA  
POTABLE A DOMICILIO**

Engádese un novo punto 2.4 ao artigo 5º.2, coa seguinte redacción:

*“2.4 No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores tres trimestres.*”

*De non existir o dato anterior, facturárase nese trimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados para o primeiro tramo de consumo regulado nos epígrafes a) e b) do artigo 4º B."*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

### **DELIBERACIÓN**

Este asunto foi debatido conxuntamente cos puntos do 2/16 ao 9/23 da orde do día. As intervencións producidas figuran transcritas ao pé do asunto 2/16.

**4/18 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 114, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

**1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**, do seguinte teor:

“Visto o informe do Adxunto de Servizo de Facenda Local do 4 de xaneiro de 2022 co conforme da Asesoría Xurídica.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Visto o anteproxecto da Ordenanza fiscal núm. 114, reguladora das Taxas pola prestación do servizo de mercado desta Tenenta de Alcaldesa co conforme do Interventor Xeral Municipal de data do 7 de xaneiro de 2022.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data do 24 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data do 30 de xaneiro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 114, reguladora das Taxas pola prestación do servizo de mercado.

En razón do exposto, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 114, reguladora das Taxas pola prestación do servizo de mercado, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 114  
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO**

Modifícase o punto 2 do artigo 1º, que queda redactado como segue:

*"2. Serán obxecto de exacción:*

- a) A concesión e traspaso de postos fixos na Praza de abastos, en todo o non regulado na normativa ditada polo Concello de Lugo ou rango superior.*
- b) A concesión e traspaso de postos fixos interiores e exteriores no Mercado da rúa Quiroga Ballesteros.*
- c) A de almacéns e cámaras frigoríficas na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*
- d) A ocupación temporal e/ou en réxime de cesión provisional de postos na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*
- e) A ocupación temporal ou en réxime de cesión provisional de almacéns e cámaras frigoríficas na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*
- f) Entrada de camións no Mercado e Praza de Abastos.*
- g) Utilización dos espazos públicos do soto da Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros para a realización de actividades culturais, sociais, deportivas e recreativas así como para a celebración de Feiras e eventos de carácter comercial".*

Modifícase o artigo 3º, que queda redactado como segue:

**"ARTIGO 3º.**

*1.- Tomarase como base de gravame:*

- a) POSTOS*

A localización, destino e superficie deles, así como calquera outra circunstancia que, a xuízo da Alcaldía, tras o informe do servizo, deba terse en conta.

b) ALMACÉNS E CÁMARAS FRIGORÍFICAS:

Metro cadrado de superficie/unidade.

c) ENTRADA DE CAMIÓNS:

O número de actos sometidos a gravame.

d) AUTORIZACIÓN PROVISIONAL DE USO ALMACÉNS OU CÁMARAS:

Metro cadrado de superficie/unidade.

e) USO DE ESPAZOS PÚBLICOS DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PARA ACTIVIDADES:

Por día de ocupación.

#### TARIFAS

#### **PRAZA DE ABASTOS E MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS**

a) POSTOS FIXOS:

Por m <sup>2</sup> e mes:	13,18 €
---------------------------	---------

Pola reserva de mesas ou mostradores, ó mes 12,62 € e ó día 1,50 €.

b) CÁMARAS FRIGORÍFICAS:

Por m <sup>2</sup> e mes:	4,48 €
---------------------------	--------

c) ALMACÉNS:

Por m <sup>2</sup> e mes:	2,40 €
---------------------------	--------

d) AUTORIZACIÓN PROVISIONAL DE USO ALMACÉNS OU CÁMARAS:

Pola autorización de uso provisional de almacéns ou cámaras a cota será igual á disposta no parágrafo b) e c).

e) USO DE ESPAZOS PÚBLICOS DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PARA ACTIVIDADES:

Por día de ocupación:	125,00 €
-----------------------	----------

f) POSTOS DO MERCADO TRADICIONAL:

Por m <sup>2</sup> e día:	1,00 €
Mercado especial das flores e de Nadal, por pedra ou m <sup>2</sup> e día:	5,15 €

No caso de que se autoricen obras de peche para algún posto, dende o momento en que estas obras se realicen, pasarán a tributar o mesmo que aqueles postos pechados que teñan as súas mesmas características".

Modifícase o artigo 4º, que queda redactado como segue:

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

### **“ARTIGO 4º. DEVENGO**

1. *Cando se trate de postos fixos, ou de ocupación temporal ou provisional, as taxas devengaranse por períodos mensuais e serán irredutibles.*

2. *Para os postos do mercado tradicional con dereito a reserva o devengo será diario.*

3. *A taxa pola entrada de camiós devengarase diariamente”.*

Modifícase o punto 2 do artigo 5º, que queda redactado como segue:

*“2. As cantidades resultantes das liquidacións practicadas serán ingresadas a través das entidades financeiras que o Concello determine”.*

Modifícase o artigo 10º, que queda redactado como segue:

*“As taxas previstas na presente Ordenanza fiscal non inclúen os gastos derivados da realización das obras de reforma e adaptación para o desenvolvemento da actividade específica a desenvolver nin os gastos derivados da alta e subministro dos diferentes servizos nos seus postos (auga, luz, etc.)”.*

Modifícase o artigo 12º, que queda redactado como segue:

### **“ARTIGO 12º. EXENCIÓNS**

*Quedarán exentas do aboamento da taxa prevista no punto 2.g) do artigo 1º da presente Ordenanza fiscal, as asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, así como as persoas concesionarias de posto de venda na Praza de Abastos e Mercado Municipal”.*

Modifícase o artigo 13º, que queda redactado como segue:

### **“ARTIGO 13º. AUTOLIQUIDACIÓN**

*As taxas previstas no punto 2.g) do artigo 1º da presente Ordenanza fiscal serán satisfeitas a través de autoliquidación, de acordo coa tarifa establecida no artigo 3º”.*

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 114, reguladora das Taxas pola prestación do servizo de mercado, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

#### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 114 TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO**

Modifícase o punto 2 do artigo 1º, que queda redactado como segue:

“2. Serán obxecto de exacción:

- a) *A concesión e traspaso de postos fixos na Praza de abastos, en todo o non regulado na normativa ditada polo Concello de Lugo ou rango superior.*
- b) *A concesión e traspaso de postos fixos interiores e exteriores no Mercado da rúa Quiroga Ballesteros.*
- c) *A de almacéns e cámaras frigoríficas na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*
- d) *A ocupación temporal e/ou en réxime de cesión provisional de postos na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*
- e) *A ocupación temporal ou en réxime de cesión provisional de almacéns e cámaras frigoríficas na Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros.*

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

f) *Entrada de camiões no Mercado e Praza de Abastos.*

g) *Utilización dos espazos públicos do soto da Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros para a realización de actividades culturais, sociais, deportivas e recreativas así como para a celebración de Feiras e eventos de carácter comercial”.*

Modifícase o artigo 3º, que queda redactado como segue:

**“ARTIGO 3º.**

*1.- Tomarase como base de gravame:*

a) **POSTOS**

*A localización, destino e superficie deles, así como calquera outra circunstancia que, a xuízo da Alcaldía, tras o informe do servizo, deba terse en conta.*

b) **ALMACÉNS E CÁMARAS FRIGORÍFICAS:**

*Metro cadrado de superficie/unidade.*

c) **ENTRADA DE CAMIÓN:**

*O número de actos sometidos a gravame.*

d) **AUTORIZACIÓN PROVISIONAL DE USO ALMACÉNS OU CÁMARAS:**

*Metro cadrado de superficie/unidade.*

e) **USO DE ESPAZOS PÚBLICOS DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PARA ACTIVIDADES:**

*Por día de ocupación.*

**TARIFAS**

**PRAZA DE ABASTOS E MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS**

a) **POSTOS FIXOS:**

Por m <sup>2</sup> e mes:	13,18 €
---------------------------	---------



*Pola reserva de mesas ou mostradores, ó mes 12,62 € e ó día 1,50 €.*

**b) CÁMARAS FRIGORÍFICAS:**

Por m <sup>2</sup> e mes:	4,48 €
---------------------------	--------

**c) ALMACÉNS:**

Por m <sup>2</sup> e mes:	2,40 €
---------------------------	--------

**d) AUTORIZACIÓN PROVISIONAL DE USO ALMACÉNS OU CÁMARAS:**

*Pola autorización de uso provisional de almacéns ou cámaras a cota será igual á disposta no parágrafo b) e c).*

**e) USO DE ESPAZOS PÚBLICOS DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PARA ACTIVIDADES:**

Por día de ocupación:	125,00 €
-----------------------	----------

**f) POSTOS DO MERCADO TRADICIONAL:**

Por m <sup>2</sup> e día:	1,00 €
Mercado especial das flores e de Nadal, por pedra ou m <sup>2</sup> e día:	5,15 €

*No caso de que se autoricen obras de peche para algún posto, dende o momento en que estas obras se realicen, pasarán a tributar o mesmo que aqueles postos pechados que teñan as súas mesmas características".*

Modifícase o artigo 4º, que queda redactado como segue:

**"ARTIGO 4º. DEVENGO**

*1. Cando se trate de postos fixos, ou de ocupación temporal ou provisional, as taxas devengarase por períodos mensuais e serán irredutibles.*

*2. Para os postos do mercado tradicional con dereito a reserva o devengo será diario.*

*3. A taxa pola entrada de camiións devengarase diariamente".*

Modifícase o punto 2 do artigo 5º, que queda redactado como segue:

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*“2. As cantidades resultantes das liquidacións practicadas serán ingresadas a través das entidades financeiras que o Concello determine”.*

Modifícase o artigo 10º, que queda redactado como segue:

*“As taxas previstas na presente Ordenanza fiscal non inclúen os gastos derivados da realización das obras de reforma e adaptación para o desenvolvemento da actividade específica a desenvolver nin os gastos derivados da alta e subministro dos diferentes servizos nos seus postos (auga, luz, etc.)”.*

Modifícase o artigo 12º, que queda redactado como segue:

### **“ARTIGO 12º. EXENCIÓNS**

*Quedarán exentas do aboamento da taxa prevista no punto 2.g) do artigo 1º da presente Ordenanza fiscal, as asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, así como as persoas concesionarias de posto de venda na Praza de Abastos e Mercado Municipal”.*

Modifícase o artigo 13º, que queda redactado como segue:

### **“ARTIGO 13º. AUTOLIQUIDACIÓN**

*As taxas previstas no punto 2.g) do artigo 1º da presente Ordenanza fiscal serán satisfeitas a través de autoliquidación, de acordo coa tarifa establecida no artigo 3º”.*

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

## DELIBERACIÓN

Este asunto foi debatido conxuntamente cos puntos do 2/16 ao 9/23 da orde do día. As intervencións producidas figuran transcritas ao pé do asunto 2/16.

**5/19 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0 A 3 ANOS) MUNICIPAIS.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

**1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do seguinte teor:**

“Visto o informe do Adxunto de Servizo de Facenda Local do 4 de xaneiro de 2022 co conforme da Asesoría Xurídica.

Visto o anteproxecto da Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais desta Tenenta de Alcaldesa co conforme do Interventor Xeral Municipal de data do 7 de xaneiro de 2022.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data do 24 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data do 30 de xaneiro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais.

En razón do exposto, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 116  
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS**

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Modifícase o artigo 2º coa seguinte redacción:

**“ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO**

*Están obrigados/as ao pagamento os/as usuarios/as ou beneficiarios/as dos respectivos servizos”.*

Dáse nova redacción ao punto 1º do artigo 3º segundo o seguinte detalle:

*“1. Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das taxas teranse en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar. A súa aplicación computarase segundo o seguinte:*

*a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:*

*1. As/os fillas/os menores, con excepción dos que, con consentimento das/os nais/pais , vivan independentes destas/es.*

*2. As/os fillas/os maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*3. As/os fillas/os maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.*

*A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude da praza, dacordo coas seguintes regras.*

*b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio fiscal pechado ao finalizar o prazo de matrícula, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das correspondentes certificacións tributarias emitidas pola Axencia Tributaria das declaracións do IRPF, ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.*

*A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.*

*c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monomarentais ou monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.*

*d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.”*

Modifícase o punto 2 do artigo 3º coa seguinte redacción:

*“2. A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:*

<i>Renda per capita mensual</i>	<i>Cota atención</i>	<i>Cota comedor</i>	<i>Total mensual</i>
<i>De 0,0 ata 169,47</i>	<i>Exento</i>	<i>Exento</i>	<i>0,00 €</i>
<i>De 169,47 ata 282,45</i>	<i>18,84 €</i>	<i>4,71 €</i>	<i>23,55 €</i>
<i>De 282,46 ata 423,67</i>	<i>43,60 €</i>	<i>11,60 €</i>	<i>55,20 €</i>
<i>De 423,68 ata 564,90</i>	<i>64,59 €</i>	<i>18,21 €</i>	<i>82,80 €</i>
<i>De 564,91 ata 706,12</i>	<i>85,01 €</i>	<i>25,39 €</i>	<i>110,40 €</i>
<i>De 706,13 ata 847,35</i>	<i>104,88 €</i>	<i>33,12 €</i>	<i>138,00 €</i>
<i>De 847,36 ata 1129,80</i>	<i>124,20 €</i>	<i>41,40 €</i>	<i>165,60 €</i>
<i>De 1129,81 en diante</i>	<i>142,97 €</i>	<i>50,23 €</i>	<i>193,20 €</i>

Dáse nova redacción ao artigo 6º coa seguinte redacción:

#### **“ARTIGO 6º. INCIDENCIAS**

1.- *Excepto nos casos establecidos neste artigo, as escolas infantís aplicarán as mesmas cotas tódolos meses, sen ningún desconto por vacacións ou días non lectivos. Nos casos nos que existan incidencias que modifiquen a cota a pagar por parte das familias, o cálculo realizarase sempre sobre a base dun prorrateo de cota correspondente a 20 días, independentemente do número de días lectivos que teña o mes, aboando a familia a cota prorrateada desta forma e multiplicada polo número de días deasistencia no mes no que se produza a incidencia.*

2.- *A inasistencia da usuaria ou do usuario durante un período determinado mentres non se formalice a baixa correspondente non supón redución ningunha nin exención do pagamento da taxa establecida coas seguintes excepcións:*

a) *Cando por causa debidamente xustificada a nena ou o neno deixe de asistir temporalmente á escola aplicarase o sinalado no punto 1. De igual xeito, aplicarase o disposto neste punto 1, no caso de ausencia por enfermidade ou hospitalización da/o nena/o por un período igual o superior a 15 días continuados.*

*As solicitudes de suspensión do aboamento da cota, deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas xustificando documentalmente os motivos da solicitude, que no caso da ausencia por enfermidade será o informe médico que sinale a necesidade de non acudir á escola ou, no seu caso, da hospitalización.*

b) *Nos supostos de incorporación unha vez iniciado o curso escolar, o aboamento da taxa será dende o mes en que se lle concede a praza.*

c) *Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran variacións nos ingresos, que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20 por cento no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude ou reserva de praza, variacións que deberán ter unha*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*duración dun mínimo de 3 meses para ser tidas en conta. Tal revisión de prezo poderá realizarse de oficio, ou mediante solicitude por escrito da familia afectada que deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación.*

*d) Cando as familias dos nenos ou das nenas matriculadas/os nas escolas municipais soliciten baixa terán que presentalas no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre antes do día 20 do mes anterior ao mes no que queiran deixar a escola. De non ser así, as usuarias e os usuarios deberán aboar a cota correspondente, sen posibilidade de devolución.*

*As baixas na escola computaranse por mes completo no caso de incumprimento do parágrafo anterior.*

*e) Todas as familias aboarán a contía de once mensualidades por cada curso escolar de setembro a agosto.*

*En caso de ausencia por enfermidade ou hospitalización da/o nena/o por un período igual ou superior a 15 días continuados, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data da inasistencia á escola, e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena ou neno á escola. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase ao 50 por cento.*

*Neste caso a solicitude deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acreditando tal circunstancia mediante informe médico no que se xustifique a necesidade do tempo de repouso ou de hospitalización”.*

Modifícase o artigo 7º coa seguinte redacción:

### **“ARTIGO 7º. DESCONTOS**

*Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar no artigo 3, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:*

- As nenas e os nenos pertencentes a familias monomarentais ou monoparentais, descontos dun 20 por cento.*
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota.*
- Escolaridade gratuíta para segundos/as fillos/as e sucesivos: Bonificación na cota de atención educativa do 100% para segundos/as fillos/as e sucesivos.*

*A solicitude de concesión destes descontos deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das*

*Administracións Públicas mediante escrito asinado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación”.*

Engádese un novo paragrafo á disposición complementaria, coa seguinte redacción:

*“Nas prazas das escolas cofinanciadas con fondos doutras administracións a cota a aboar polas familias sería o correspondente a parte non financiada”.*

Modifícase a disposición final coa seguinte redacción:

#### **“DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrara en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comenza a aplicarse no curso académico 2022/2023, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa”.*

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.”

**2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS,** emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 116, reguladora das Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 116  
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS**

Modifícase o artigo 2º coa seguinte redacción:

**“ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO**

*Están obrigados/as ao pagamento os/as usuarios/as ou beneficiarios/as dos respectivos servizos”.*

Dáse nova redacción ao punto 1º do artigo 3º segundo o seguinte detalle:

*“1. Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das taxas teranse en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar. A súa aplicación computarase segundo o seguinte:*

*a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:*

*1. As/os fillas/os menores, con excepción dos que, con consentimento das/os nais/pais , vivan independentes destas/es.*

*2. As/os fillas/os maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*3. As/os fillas/os maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.*

*A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude da praza, dacordo coas seguintes regras.*

*b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio fiscal pechado ao finalizar o prazo de matrícula, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das correspondentes certificacións tributarias emitidas pola Axencia Tributaria das declaracións do IRPF, ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.*

*A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración para obter os datos necesarios para determinar*



os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monomarentais ou monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.”

Modifícase o punto 2 do artigo 3º coa seguinte redacción:

“2. A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:

Renda per capita mensual	Cota atención	Cota comedor	Total mensual
De 0,0 ata 169,47	Exento	Exento	0,00 €
De 169,47 ata 282,45	18,84 €	4,71 €	23,55 €
De 282,46 ata 423,67	43,60 €	11,60 €	55,20 €
De 423,68 ata 564,90	64,59 €	18,21 €	82,80 €
De 564,91 ata 706,12	85,01 €	25,39 €	110,40 €
De 706,13 ata 847,35	104,88 €	33,12 €	138,00 €
De 847,36 ata 1129,80	124,20 €	41,40 €	165,60 €
De 1129,81 en diante	142,97 €	50,23 €	193,20 €

”

Dáse nova redacción ao artigo 6º coa seguinte redacción:

#### “ARTIGO 6º. INCIDENCIAS

1.- Excepto nos casos establecidos neste artigo, as escolas infantís aplicarán as mesmas cotas tódolos meses, sen ningún desconto por vacacións ou días non lectivos. Nos casos nos que existan incidencias que modifiquen a cota a pagar por parte das familias, o cálculo realizarase sempre sobre a base dun prorrateo de cota correspondente a 20 días, independentemente do número de días lectivos que teña o mes, aboando a familia a cota prorrateada desta forma e multiplicada polo número de días de asistencia no mes no que se produza a incidencia.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

2.- *A inasistencia da usuaria ou do usuario durante un período determinado mentres non se formalice a baixa correspondente non supón redución ningunha nin exención do pagamento da taxa establecida coas seguintes excepcións:*

a) *Cando por causa debidamente xustificada a nena ou o neno deixe de asistir temporalmente á escola aplicarase o sinalado no punto 1. De igual xeito, aplicarase o disposto neste punto 1, no caso de ausencia por enfermidade ou hospitalización da/o nena/o por un período igual o superior a 15 días continuados. As solicitudes de suspensión do aboamento da cota, deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas xustificando documentalmente os motivos da solicitude, que no caso da ausencia por enfermidade será o informe médico que sinale a necesidade de non acudir á escola ou, no seu caso, da hospitalización.*

b) *Nos supostos de incorporación unha vez iniciado o curso escolar, o aboamento da taxa será dende o mes en que se lle concede a praza.*

c) *Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran variacións nos ingresos, que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20 por cento no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude ou reserva de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 3 meses para ser tidas en conta. Tal revisión de prezo poderá realizarse de oficio, ou mediante solicitude por escrito da familia afectada que deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación.*

d) *Cando as familias dos nenos ou das nenas matriculadas/os nas escolas municipais soliciten baixa terán que presentalas no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre antes do día 20 do mes anterior ao mes no que queiran deixar a escola. De non ser así, as usuarias e os usuarios deberán aboar a cota correspondente, sen posibilidade de devolución.*

*As baixas na escola computaranse por mes completo no caso de incumprimento do parágrafo anterior.*

e) *Todas as familias aboarán a contía de once mensualidades por cada curso escolar de setembro a agosto.*

*En caso de ausencia por enfermidade ou hospitalización da/o nena/o por un período igual ou superior a 15 días continuados, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data da inasistencia á escola, e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena ou neno á escola. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase ao 50 por cento.*

*Neste caso a solicitude deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de*

*outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acreditando tal circunstancia mediante informe médico no que se xustifique a necesidade do tempo de repouso ou de hospitalización”.*

Modifícase o artigo 7º coa seguinte redacción:

#### **“ARTIGO 7º. DESCONTOS**

*Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar no artigo 3, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:*

- As nenas e os nenos pertencentes a familias monomarentais ou monoparentais, descontos dun 20 por cento.*
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota.*
- Escolaridade gratuíta para segundos/as fillos/as e sucesivos: Bonificación na cota de atención educativa do 100% para segundos/as fillos/as e sucesivos.*

*A solicitude de concesión destes descontos deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas mediante escrito asinado polo suxeito pasivo, achegando a documentación acreditativa da situación”.*

Engádese un novo paragrafo á disposición complementaria, coa seguinte redacción:

*“Nas prazas das escolas cofinanciadas con fondos doutras administracións a cota a aboar polas familias sería o correspondente a parte non financiada”.*

Modifícase a disposición final coa seguinte redacción:

#### **“DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrara en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comenzará a aplicarse no curso académico 2022/2023, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.*

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**DELIBERACIÓN**

Este asunto foi debatido conxuntamente cos puntos do 2/16 ao 9/23 da orde do día. As intervencións producidas figuran transcritas ao pé do asunto 2/16.

**6/20 APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 153, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do seguinte teor literal:

“Visto o informe do Adxunto de Servizo de Facenda Local do 4 de xaneiro de 2022 co conforme da Asesoría Xurídica.

Visto o anteproxecto da Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública desta Tenenta de Alcaldesa co conforme do Interventor Xeral Municipal de data do 7 de xaneiro de 2022.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data do 10 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data do 24 de xaneiro de 2022.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data do 31 de xaneiro de 2022.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública.

En razón do exposto, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con

entradas de vehículos e reservas de vía pública, no tocante os seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 153  
TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON  
ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.**

Dáse nova redacción ao punto c) do artigo 4º epígrafe A), segundo o seguinte detalle:

*“c) Pasaxe comercial limitada para talleres, almacéns de empresa que teñan espazo para carga e descarga de mercadorías, concesionarios de automóviles, compravenda de vehículos, aluguer sen condutor e outras actividades de características análogas, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:*

<i>1. De 1 a 10 prazas</i>	<i>42,14 €</i>
<i>2. De 11 a 25 prazas</i>	<i>47,68 €</i>
<i>3. De 26 a 50 prazas</i>	<i>49,90 €</i>
<i>4. De 51 a 100 prazas</i>	<i>53,78 €</i>
<i>5. De máis de 100 prazas</i>	<i>62,10 €</i>

”

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación do imposto e a ingresar o seu importe nas entidades bancarias colaboradoras que se designen, nos prazos seguintes:

a) Nas transmisións inter-vivos e na constitución de dereitos reais de goce, así como nas doazóns, dentro dos 30 días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito imponible.

b) Nas transmisións mortis-causa, dentro do prazo de seis meses a contares dende a data de falecemento do causante, prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

2. Cando a finca urbana non teña determinado o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis ou, se o tivese, non concorde co da finca realmente transmitida, a consecuencia daquelas alteracións das súas características non reflexadas no Catastro ou no Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis, que deban conlevar a asignación de valor catastral conforme ás mesmas, o suxeito pasivo virá

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*obrigado a presentar declaración tributaria nas oficinas municipais, no impreso e nos prazos sinalados no apartado 1 anterior, acompañando a mesma documentación que se menciona no parágrafo seguinte para que, previa cuantificación da débeda, pola Administración Municipal, se xire a liquidación ou liquidacións que correspondan, no seu caso.*

*3. A autoliquidación, que terá carácter provisional, practicarase no impreso que ao efecto facilitará a Administración Municipal e será suscrito polo suxeito pasivo ou polo seu representante legal, debendo acompañarse con ela copia simple do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición e, tratándose de transmisións por causa de morte, ademáis copia da escritura de propiedade do inmovible no que se acredite a titularidade do causante, copia do certificado de defunción do causante e copia da declaración do Imposto sobre Sucesións e Doazóns.*

*4. Cando o suxeito pasivo considere que a transmisión ou, no seu caso, a constitución de dereitos reais de goce producida debe declararse exenta, prescrita ou non suxeita, presentará declaración ante a Administración Tributaria Municipal dentro dos prazos sinalados no punto 1, que deberá cumprir os requisitos e acompañar a documentación sinalada no punto 3, ademáis da pertinente na que fundamente a súa pretensión. Se a Administración Municipal considera improcedente o alegado, practicará liquidación definitiva que notificará ao interesado.*

*En concreto, no referente aos supostos aos que se refire o artigo 4º.4 desta ordenanza fiscal, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá achegar, no momento da presentación da declaración tributaria pola transmisión, os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.*

*Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven as ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.*

*5. Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.*

*Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns”.*

Modifícase o artigo 19º, que queda redactado como segue:

### **“ARTIGO 19º.**

*1. A Administración tributaria comprobará que as autoliquidacións se teñan efectuado mediante a aplicación correcta das normas desta Ordenanza e as*

*disposicións reguladoras do Imposto do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*

*2. No caso de que a Administración Municipal non atope conforme a autoliquidación, practicarán liquidación definitiva rectificando os erros aritméticos que conteña así como os erros de dereito causados pola incorrecta aplicación do réxime xurídico do imposto, calcularán os xuros de mora e imporán as sancións procedentes no seu caso. Así mesmo practicarán na mesma forma, liquidación polos feitos impositivos contidos na documentación presentada que non fosen autoliquidados polo suxeito pasivo.*

*3. As liquidacións definitivas serán practicadas previa comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obrigaón tributaria, sen atoparse a Administración Tributaria obrigada a axustarse aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións realizadas.*

*4. As liquidacións que practique a Administración Municipal notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes”.*

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

**- Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista

Galego e de Ciudadanos Lugo.

- Votos en contra: 0  
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 201  
IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA  
URBANA**

Engádesse un novo punto 4 ao artigo 4º, coa seguinte redacción:

*“4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.*

*Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición”.*

Modifícase o artigo 13º, que queda redactado como segue:

*“1. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto devandito incremento.*

*Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei indíquese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu o anterior devengo do imposto.*

*No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.*

*2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo, calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:*

<b>Período de xeración</b>	<b>Coeficiente</b>
Inferior a 1 ano.	0,14



1 ano.	0,13
2 anos.	0,15
3 anos.	0,16
4 anos.	0,17
5 anos.	0,17
6 anos.	0,16
7 anos.	0,12
8 anos.	0,10
9 anos.	0,09
10 anos.	0,08
11 anos.	0,08
12 anos.	0,08
13 anos.	0,08
14 anos.	0,10
15 anos.	0,12
16 anos.	0,16
17 anos.	0,20
18 anos.	0,26
19 anos.	0,36
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa devandito exceso.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor”.

Modifícase o artigo 18º, que queda redactado como segue:

**“ARTIGO 18º.**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación do imposto e a ingresar o seu importe nas entidades bancarias colaboradoras que se designen, nos prazos seguintes:

a) Nas transmisións inter-vivos e na constitución de dereitos reais de goce, así como nas doazóns, dentro dos 30 días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito imponible.

b) Nas transmisións mortis-causa, dentro do prazo de seis meses a contares dende a data de falecemento do causante, prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

2. Cando a finca urbana non teña determinado o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis ou, se o tivese, non concorde co da finca realmente

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

*transmitida, a consecuencia daquelas alteracións das súas características non reflexadas no Catastro ou no Padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles, que deban conlevar a asignación de valor catastral conforme ás mesmas, o suxeito pasivo virá obrigado a presentar declaración tributaria nas oficinas municipais, no impreso e nos prazos sinalados no apartado 1 anterior, acompañando a mesma documentación que se menciona no parágrafo seguinte para que, previa cuantificación da débeda, pola Administración Municipal, se xire a liquidación ou liquidacións que correspondan, no seu caso.*

*3. A autoliquidación, que terá carácter provisional, practicarase no impreso que ao efecto facilitará a Administración Municipal e será suscrito polo suxeito pasivo ou polo seu representante legal, debendo acompañarse con ela copia simple do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición e, tratándose de transmisións por causa de morte, ademáis copia da escritura de propiedade do inmovible no que se acredite a titularidade do causante, copia do certificado de defunción do causante e copia da declaración do Imposto sobre Sucesións e Doazóns.*

*4. Cando o suxeito pasivo considere que a transmisión ou, no seu caso, a constitución de dereitos reais de goce producida debe declararse exenta, prescrita ou non suxeita, presentará declaración ante a Administración Tributaria Municipal dentro dos prazos sinalados no punto 1, que deberá cumprir os requisitos e acompañar a documentación sinalada no punto 3, ademáis da pertinente na que fundamente a súa pretensión. Se a Administración Municipal considera improcedente o alegado, practicará liquidación definitiva que notificará ao interesado.*

*En concreto, no referente aos supostos aos que se refire o artigo 4º.4 desta ordenanza fiscal, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá achegar, no momento da presentación da declaración tributaria pola transmisión, os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.*

*Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven as ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.*

*5. Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.*

*Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns”.*

Modifícase o artigo 19º, que queda redactado como segue:

**“ARTIGO 19º.**

1. A Administración tributaria comprobará que as autoliquidacións se teñan efectuado mediante a aplicación correcta das normas desta Ordenanza e as disposicións reguladoras do Imposto do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

2. No caso de que a Administración Municipal non atope conforme a autoliquidación, practicaré liquidación definitiva rectificando os erros aritméticos que conteña así como os erros de dereito causados pola incorrecta aplicación do réxime xurídico do imposto, calculará os xuros de mora e imporá as sancións procedentes no seu caso. Así mesmo practicaré na mesma forma, liquidación polos feitos impositivos contidos na documentación presentada que non fosen autoliquidados polo suxeito pasivo.

3. As liquidacións definitivas serán practicadas previa comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obligación tributaria, sen atoparse a Administración Tributaria obrigada a axustarse aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións realizadas.

4. As liquidacións que practique a Administración Municipal notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes”.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**DELIBERACIÓN**

Este asunto foi debatido conxuntamente cos puntos do 2/16 ao 9/23 da orde do día. As intervencións producidas figuran transcritas ao pé do asunto 2/16.

## INTERVENCIÓN

### 10/24 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1-2022

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDESA-PRESIDENTA, do seguinte teor literal:

**“IMPORTE FACTURAS: 9.327,41 €**  
**IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 7.899,32 €**  
**IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 1.428,09 €**  
**IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €**  
**IMPORTE TOTAL: 9.327,41 €**  
**IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2022: 9.327,41 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **9.327,41 €**.

No presente exercicio procedeuase á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **9.327,41 € (contía imputable ao orzamento: 9.327,41 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercizo corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2022/158, de data 09.02.2022 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 1-20221, coas consideracións nel contidas, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **9.327,41 €**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_D ED	TOTAL
87203	SEPYMEDICAL S L	204	3/8/2021	CALZAS SANITARIAS REUTILIZAB LE S E IMPERMEAB LES (PAR)---	17000.22699	20220000758 8	98,90	0,00	0,00	98,90
88113	CARRONZA SL-	180	30/9/2021	Retirada de árbol en Camiño de Gustavo ---	17100.22699	20220000154 7	4.800,00	0,00	1.008,00	5.808,00
89028	FERGIL AUTO SL-	12119956	26/10/2021	REALIZAR SERVICE SUSTITUCIO N A CEITE/FILTR OS---	15300.21400	20220000159 8	263,67	0,00	55,37	319,04

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-2022

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_D ED	TOTAL
89492	TALLERES TORNEIRO SA- A27105964	80328	13/12/2021	Del 07/10/21 al 15/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38744, 8 DIAS- ALQUILER DE:-VALLAS PORTATIL C INCADA 3X2 M.	91201.20300	20220000164 2	270,95	0,00	56,90	327,85
89496	TALLERES TORNEIRO SA- A27105964	80332	13/12/2021	Del 30/09/21 al 19/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38676, 19 DIAS - ALQUILER DE:-VALLA PEATONAL G ALVANIZAD A 2000MM	91201.20300	20220000164 2	932,00	0,00	195,72	1.127,72
89497	TALLERES TORNEIRO SA- A27105964	80333	13/12/2021	Del 04/10/21 al 19/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38717, 15 DIAS - ALQUILER DE:-VALLA PEATONAL G ALVANIZAD A 2000MM	91201.20300	20220000164 2	383,80	0,00	80,60	464,40
89535	CASTRO*VAZ QUEZ CARLOS ALBERTO- 33343355W	1	11/11/2019	Fotografia enmarcada Pelúdez--	91201.22699	20220000899 8	150,00	0,00	31,50	181,50
89923	ASOCIACION CULTURAL BAIXO DA SAIA- G27516400	1	24/9/2021	ACTUACION BAIXO DA SAIA	33801.22699	20220000883 4	500,00	0,00	0,00	500,00
90115	RAICES DO CAMPO- G27472547	37	15/10/2021	ACTUACION PASARRUAS 7 DE OUTUBRO CENTRO LUGO---	33801.22699	20220000882 4	500,00	0,00	0,00	500,00

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DED	TOTAL	
							TOTAL	7.899,32	0,00	1.428,09	9.327,41

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 11 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **9.327,41 €**

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-2022

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DED	TOTAL
87203	SEPYMEDICAL SL-B36484822	204	3/8/2021	CALZAS SANITARIAS REUTILIZABLES IMPERMEABLES (PAR)---	17000.22699	202200007588	98,90	0,00	0,00	98,90
88113	CARRONZA SL-B27294032	180	30/9/2021	Retirada de árbol en Camino de Gustavo ---	17100.22699	202200001547	4.800,00	0,00	1.008,00	5.808,00
89028	FERGIL AUTO SL-B27416064	12119956	26/10/2021	REALIZAR SERVICE SUSTITUCION A CEITE/FILTRO S---	15300.21400	202200001598	263,67	0,00	55,37	319,04
89492	TALLERES TORNEIRO SA-A27105964	80328	13/12/2021	Del 07/10/21 al 15/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38744, 8 DIAS- ALQUILER DE- VALLAS PORTATIL C INCADA 3X2 M.	91201.20300	202200001642	270,95	0,00	56,90	327,85
89496	TALLERES TORNEIRO SA-A27105964	80332	13/12/2021	Del 30/09/21 al 19/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38676, 19 DIAS -ALQUILER DE-VALLA PEATONAL G ALVANIZADA 2000MM	91201.20300	202200001642	932,00	0,00	195,72	1.127,72
89497	TALLERES TORNEIRO SA-A27105964	80333	13/12/2021	Del 04/10/21 al 19/10/21 RECOG IDA- RGD CTO ALL 38717, 15 DIAS -ALQUILER DE-VALLA PEATONAL G ALVANIZADA 2000MM	91201.20300	202200001642	383,80	0,00	80,60	464,40



COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DED	TOTAL
89535	CASTRO*VAZ QUEZ,CARLO S ALBERTO- 33343355W	1	11/11/2019	Fotografía enmarcada Pelúdez--	91201.22699	202200008998	150,00	0,00	31,50	181,50
89923	ASOCIACION CULTURAL BAIXO DA SAIA- G27516400	1	24/9/2021	ACTUACION BAIXO DA SAIA	33801.22699	202200008834	500,00	0,00	0,00	500,00
90115	RAICES DO CAMPO- G27472547	37	15/10/2021	ACTUACION PASARRUAS 7 DE OUTUBRO CENTRO LUGO---	33801.22699	202200008824	500,00	0,00	0,00	500,00
<b>TOTAL</b>							<b>7.899,32</b>	<b>0,00</b>	<b>1.428,09</b>	<b>9.327,41</b>

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate coa quenda para o portavoz do Goberno, a Conselleira de Economía, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, novamente señora alcaldesa.

Pois elevase ao Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente nove facturas esta vez. Oito son do ano 2021 e unha do ano 2019. A razón fundamental

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

como lles dixen reiteradamente, e sigo reiterando, de que estas facturas non foron tramitadas no seu exercicio correspondente é na case totalidade delas a inactividade do provedor.

Así voules a poñer o exemplo que é o relativo a factura do ano 2019. Trátase dun servizo que se prestou en San Froilán do ano 2019. Esta factura foi recibida neste concello o 14 de decembro de 2021. É dicir, dous anos despois.

Outra das razóns que solen provocar isto é que a factura non se presenta a tempo e que á vez os nosos servizos tarden en conformala ou en firmala. Neste caso cada vez encontramos moitos menos supostos, practicamente xa non existen. Os servizos en xeral conforman con prontitude as facturas, mellorando substancialmente nestes últimos meses.

Polo tanto, o que quero poñer de manifesto aquí, que creo que é moi importante, unha vez máis ademais, é a situación na que se encontra este concello en canto ó tempo que tardamos en aboar as facturas ós nosos provedores. Esta é una situación absolutamente óptima e envexable para outras administracións. Proba delo, ademais, son tanto o número de facturas que veñen a Pleno que, neste caso, son nove como o pouco tempo que se trata que sempre é inferior a 30 días.

Para iso invítovos a que examinedes o portal institucional do Ministerio de Facenda e Función Pública, onde se establece o período medio de pago para todas as administracións locais. Aquí podemos facer... os números non enganan, están aí. Está publicado na páxina do Ministerio: período medio de pago último publicado, que é o de novembro do ano 21. Lugo ten 10,71 días. Vou a poñerlles exemplos do noso entorno: Ourense, 40,32 días. Pontevedra, 26,79 días. Vigo, 11,14 días. Santiago, 32,84 días. E si queren que vaia por exemplo a Madrid, Madrid 32,46 días. Téñeno aí, no portal do Ministerio.

Polo tanto os números, como lles digo sempre, non enganan, son os que son, e son o mellor exemplo para demostrar cal é a situación neste momento do Concello de Lugo neste ámbito. Non tratamos de enganar a ninguén como din vostedes, senón que os que se enganan son vostedes se non recoñecen isto.

A morosidade da Administración, das Administracións en xeral, si é certo que moitas veces estrangulan ós autónomos e as PYMES, pero ese non é o caso

do Concello de Lugo. A media nacional está en 69 días de período medio de pago e nós estamos neste momento en inferior a 10, porque o mes de decembro foron 6,86 días. O informe de morosidade que se vai a levar e se vai a dar conta neste Pleno, establéceo claramente, non só o melloramos, senón que mantemos esa mellora e cada vez temos... melloramos máis.

Polo tanto, creo que isto é importante, son os datos e...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Señora Alvarellos, supoño que non quere que lle fagamos a ola porque mire, este é o seu traballo, é o que ten que facer durante todos os 365 días do ano. Supoño que estaría vostede moi entretida poñendo as facturas ó día e non traballado nas ordenanzas fiscais e por iso contamos coas ordenanzas non traballadas e adaptadas simplemente... puramente técnicas ou adaptadas á legalidade.

Nós esperamos que este primeiro recoñecemento de crédito de 2022, pois non se convirta novamente nunha costume e sexa vostede capaz de poñerlles fin.

Xa comprobamos nestes días e cos reparos de legalidade, pois aínda vai ter algún problema, porque xa van uns cantos e, sobre todo no que se refire ós servizos extraordinarios de persoal, porque deixan claro que non son quen nin de cumprir as normas que hasta vostedes aproban, elaboran.

Hoxe son case 10.000 euros, pero como podemos comprobar no informe de morosidade que vostedes, do cuarto trimestre, que vostedes tamén traen hoxe a este Pleno para dar conta, as facturas pagadas fora de prazo, pois seguen a ser una materia que se lles segue a atoar.

Máis do 25% fora de prazo, isto tamén é obxectivo, está no informe de morosidade. A 31 de decembro de 2021 aínda lles quedan a vostedes 926 facturas pendentes de pago, das que como se indica no citado informe, 370, máis dun millón e medio de euros xa se sabe que van a incumprir o prazo legal de pagamento, así que mire, para presumir con coidado.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

E mire que desde o noso grupo sempre nos amosamos esperanzados, vostede ben o sabe, pero a verdade é que, co que non contábamos era con que os que hoxe son os seus socios de goberno, aqueles que antes eran duramente críticos cos reparos de legalidade, cos numerosos contratos menores e co escurantismo do Goberno de Lara Méndez no mandato anterior, pois hoxe sexan eles os campións da contratación a dedo, que permiten os contratos menores, a pesar de seren advertidos en numerosas ocasións polo servizo de intervención e tamén campións dunha absoluta falta de transparencia.

Será que acontece iso de que todo o malo se pega. Nós esperamos e ogallá sexa así que coa nova plataforma posta en marcha fai uns días para este tipo de contratos, que recórdolle que se pediu desde Ciudadanos, no ano 2016, xa lle digo que non lle imos a vivir toda a vida ó Partido Socialista para darlle as ideas que teña que levar a cabo, pois esperamos que si que se gañe en transparencia, e sobre todo en oportunidades para todos aqueles autónomos e empresas que non teñen carné socialista ou nacionalista e poden e queren traballar con esta Administración.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Buenos días. Gracias, alcaldesa.

No me sorprende escuchar las palabras de la señora Alvarelos. En ningún momento dudé de que sacaría pecho por su buena gestión. Pero le diré algo: no solo hay que centrarse en los datos bonitos, también hay que hablar de los que no nos gustan o no lucen tanto. Se le olvidó comentar, por ello se lo recuerdo, que las facturas que el Concello de Lugo aún tiene pendientes de pago, llevan una espera media de 140 días, casi cinco meses, cinco meses.

¿Qué le tiene que decir a todos esos autónomos y pequeños empresarios? Hablamos de más de ocho millones de euros, una cantidad lo suficientemente importante para que usted se haya olvidado de comentarla. Imagino que habrá sido un pequeño descuido.

Pero hay más. Estamos empezando el año y este bigobierno ya ha levantado facturas con reparos de legalidad por un importe de 2.281.949,62 euros. Casi 2,3 millones de euros y no hemos pasado ni los primeros 60 días del año.

Hablamos de facturas que no se ajustan a la legalidad. Como ustedes ya saben, los reconocimientos extrajudiciales son un mecanismo excepcional. Pero, por lo que he podido comprobar en estos mis primeros días en este Concello, ustedes convierten la excepcionalidad en su forma habitual de proceder.

Durante el año 2020 pagaron 35 millones de euros con reparos de legalidad, un récord histórico. Durante el año 2021 pagaron más de 32 millones de euros con reparos de legalidad. Lo intentaron, pero se quedaron a las puertas de conseguir otra medalla de oro.

¿Qué sorpresas nos va a presentar, señora Alvarellos, durante este año 2022? ¿Llegaremos a un récord histórico? Por mucho que ustedes saquen pecho de que están haciendo las cosas bien, esto es síntoma de que no es así. No hay control de gasto, hay un déficit de gestión, hay una falta tremenda de dirección política. Y eso no lo digo yo ni lo dice el Grupo Popular, eso lo dicen los números, por cierto, sus números. Ya que los datos a los que hago referencia están sacados de los pocos documentos que ustedes nos proporcionan o a los que nos dan acceso.

Por tanto, no pueden venir aquí, simular que todo está bien, de que están pagando todo en plazo, porque, como se puede comprobar, no es así. ¿Que pagan algunas facturas en plazo? Por supuesto, pero que muchas otras quedan en el cajón durante meses y años también. Ustedes no pueden tener años a los autónomos y empresas sin pagarles su trabajo. ¿Por qué no pagan las facturas pendientes?

No se olviden de que es responsabilidad de las Administraciones públicas pagar a los proveedores en plazo. Por eso les vuelvo a preguntar, ¿por qué no pagan las facturas pendientes? Los autónomos, empresas, asociaciones, entidades y las familias de nuestra ciudad no tienen culpa...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Goberno, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Carballas, eu tamén estou moi contenta de coñecela. O que lle quero dicir é que os números, os números son moi pertinaces. Están aí, acabo de lerlle o que... o que veñen. Polo tanto, as nosas PYMES, os nosos autónomos están cobrando... das sete cidades galegas, son os que cobran máis rápido, se non pode miralo vostede.

Polo tanto é o que teño que dicir. Outra cousa, a documentación que lle proporcionan e que lle damos, o acceso que lle damos é o que nos indica a lei. Se non xa sabe onde ten que denunciar porque alí os damos. Probablemente vostede non o sabe, pero a min vostede nunca me pediu nada, nin os seus compañeiros sobre estas causas. Por lo tanto advírtolle, cando queira teño aberta a porta do meu despacho e doulle toda a información que vostede requira.

Dito isto, como dicía, os números son pertinaces. Poden gustar ou non. E respecto dos contratos, por exemplo, que tamén sempre se metía no batiburrillo disto. Claro, agora dos contratos xa non se fala. Hai una plataforma de contratos menores... O contrato máis importante deste concello, pese que parece que a moitos lles pesa e lles doe, sae adiante.

Os contratos que habían perdido a súa efectividade están renovándose todos ou practicamente todos xa están. Polo tanto, estes son os números, estes son os números. Estaranlle chivando o que ten que dicir, dígao, dígao. Eu a escoito e a recibo no meu despacho.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora da portavoz de Cidadáns.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Como a mi xa me coñece moi ben, señora Alvarellos, non se enfade ni nos fale así como enfada, porque nós só estamos facendo a outra foto fixa. E vostede pode presumir e sacar peito do seu traballo pero é que o seu traballo, só faltaría. E nós, dicirlle aquilo que aínda pois

non se lle está dando o suficientemente ben porque, mire, por moito que pense que nós queremos que lles vaia mal, non, porque si lle vai ben a vostede e ó seu goberno, iralle ben a nosa cidade, a miña cidade, que é a que quero que sexa pois una cidade á altura do que vale. E por suposto leva catro anos, seis anos, anque aínda lle queda un longo percorrido para chegar aí.

Vostede fai una foto fixa dos seus números e eu fíxenlle outra foto fixa. Pois mire, máis dun millón e medio de euros de facturas que xa se sabe que vai incumprir o prazo legal de pagamento, 926 facturas pendentes de pago, máis do 25% se pagaron fóra de prazo. Este é o resultado, e non me veña sacando peito aquí de que un dos contratos máis importantes deste Concello vai saír adiante porque mire, tiña que estar sacado adiante en 2016, que é cando está caducado. Estamos en 2022, seis anos máis tarde. Home, para sacar peito creo que aínda non lle é.

Nós, desde Ciudadanos, simplemente lle recordamos que aínda quedan moito, moitos asuntos pendentes. O tema dos contratos menores é gravísimo para esta Administración, para este concello, para este bi-goberno do que vostede é responsable e non lle está poñendo coto e non lle puxo coto durante estes dous anos.

Aqueles que se levantaban en armas, falaban da transparencia e da legalidade, da importancia da contratación pública transparente hoxe son campións dos contratos a dedo. Vostede cala e non di nada, pero claro será disto de que como mentres non me movan o meu marco...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pos segunda quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Sí. Lo primero que le quiero recordar a la señora Alvarellos es que la plataforma de contratación a la que usted hace referencia fue iniciativa del Grupo Popular. *[Comentarios]*. Sí, sí, sí, sí. Vale.

Bueno, en este Pleno se da cuenta del informe de morosidad del cuarto trimestre del 2021 con unos datos que, desde luego, distan mucho de ser

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

ejemplares. También le recuerdo, señora Alvarellos, que se olvidó comentar, seguramente por despiste y sin mala intención, que a 31 de diciembre del 2021 dejaron sin pagar facturas por un importe de 8.318.498,46 euros, más de 8,3 millones de euros que ustedes deben a autónomos y pequeños empresarios de Lugo y, por ende, a sus familias.

En este momento, en el que más que nunca los empresarios tienen que cobrar su trabajo para poder seguir adelante, nos encontramos con que deben 8,3 millones de euros a los lucenses. Pero de lo que tampoco habla usted, señora Alvarellos, es que el periodo medio de pago es de 45 días. ¿Que han mejorado? No lo dudamos, pero le invitamos a presumir cuando cumplan con la ley. El periodo legal de pago de una factura es de 30 días y aquí nos encontramos con que ustedes pagan en 45, mes y medio; y el periodo medio de pago pendiente se dispara hasta los 140,08 días, casi cinco meses.

¿Cómo es posible que un autónomo, una empresa, realice su trabajo y tarde de media casi cinco meses en cobrarlo? En el informe de tesorería dice que no existe problema de liquidez, imposibilidad financiera...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois para finalizar esta quenda de debates, ten 30 segundos a concelleira do Goberno.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bueno, para non ser reiterativa, volvo a animarlles a todos a que miren o portal do Ministerio de Facenda. Os números son os números, están aí, está clarísimo. Terxiversar dicindo que se debían oito millóns de tal... estaban en período de pago máis de seis millóns, porque vostede o que fai é terxiversar, ou polo menos non o estudiou suficientemente, polo tanto, é increíble.

O que está claro é que Lugo non é un concello moroso, por moito que digan vostedes. Os números son os números. Temos un período medio de pago 6,74 días. Miren a Ourense, 40 días. Por iso non...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.



Pois con eses datos nos quedamos, que somos o concello máis baixo de período medio de pago de Galicia e poderíamosdicir tamén do resto de España.

Vamos proceder entón á votación deste... deste punto.

### ACTAS E GOBERNO

**11/25 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (Exp. 2022/G004/000138)**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDESA PRESIDENTA, do seguinte teor literal:

**“MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (Exp. 2022/G004/000138).**-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Que o 5 de xullo de 2019, o Pleno da Corporación municipal aprobou, entre outros, o réxime de asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da Corporación e grupos políticos, determinando os supostos de retribucións e asignacións de dedicacións exclusivas e parciais, modificado por acordos plenarios de datas 31.10.2019 e 29.04.2021.

2.- Que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular solicita o 28 de xaneiro de 2022 que unha das dúas dedicacións exclusivas que ten o Grupo Popular sexa dividida en dúas parciais ao 50% (número 33/2022 de Rexistro de entrada do Pleno).

Esta Alcaldía, ao abeiro dos artigos 75 e 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e da Base 18.i.2) do Orzamento Xeral, PROPONLLE ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Modificar o acordo número 6/89 do Pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais no que atinxe ao parágrafo A) referido as asignacións ao grupo municipal do Partido Popular, no seguinte sentido:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS: (...)

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 11 concelleiros/concelleiras: (...)

-Un concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 4 concelleiros/concelleiras: (...)

-Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

As percepcións das dúas dedicacións parciais asignadas ao Grupo Municipal do Partido Popular producirán efectos dende a data do Decreto da Alcaldía de asignación das ditas dedicacións parciais aos respectivos concelleiros/as do citado grupo municipal.

**SEGUNDO.-** Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo plenario e nas súas modificacións posteriores.

**TERCEIRO.-** Comunicar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais, e proceder á publicación regulamentaria.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 18 de febreiro de 2022.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Modificar o acordo número 6/89 do Pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais no que atinxe ao parágrafo A) referido as asignacións ao grupo municipal do Partido Popular, no seguinte sentido:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓN E ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS: (...)

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 11 concelleiros/concelleiras: (...)

-Un concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 4 concelleiros/concelleiras: (...)

-Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

As percepcións das dúas dedicacións parciais asignadas ao Grupo Municipal do Partido Popular producirán efectos dende a data do Decreto da Alcaldía de asignación das ditas dedicacións parciais aos respectivos concelleiros/as do citado grupo municipal.

SEGUNDO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo plenario e nas súas modificacións posteriores.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais, e proceder á publicación regulamentaria.

### **PERSOAL**

<b>12/26 CORRECCIÓN DE ERRO DE FEITO NA PLANTILLA ORGÁNICA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (ORZAMENTO XERAL ANO 2022 PERSOAL FUNCIONARIO)</b>
--

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL, CONFORMADO POLA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do seguinte teor literal:

“Visto que foi aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2021, o Orzamento Xeral do Concello de Lugo para o exercicio económico 2022, integrado polo do propio Concello e o da Empresa municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) e transcorrido o período de exposición pública sen que se presentasen alegacións contra o mesmo, elevandose a definitiva a aprobación inicial, polo que de conformidade co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicanse o resumo por capítulos do orzamento xeral consolidado así como o cadro de persoal no BOP nº16 de 21 de xaneiro de 2022.

Visto erro de feito no cadro de personal funcionario publicado no BOP nº16 de 21 de xaneiro de 2022, xa que non consta a praza da plantilla orgánica de Encargado/a de Parque Móbil (1) Escala:A.E. Subescala: SVS. ESP. Subgrupo:C1.

Visto informe de Intervención de data 10/02/2022 no que se conclúe:

*“Procede a tramitación do expediente, en base aos informes obrantes nel que conclúen o seu carácter favorable, coas seguintes observacións:*

*O presente expediente debera ser sometido a Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, considerándose definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición non se presentasen reclamacións”.*

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

**PRIMEIRO:** Que polo Excmo. Concello Pleno se rectifique o cadro de persoal do Concello de Lugo do 2022 publicado no BOP nº16 de 21 de xaneiro de 2022 incluíndo a seguinte praza dentro do persoal funcionario:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ENCARGADO/A DE PARQUE MÓBIL	1	A.E.	SVS. ESP.	C1

**SEGUNDO:** O presente expediente someterase a Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, considerándose definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición non se presentasen reclamacións.

**2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS,** emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que polo Excmo. Concello Pleno se rectifique o cadro de persoal do Concello de Lugo do 2022 publicado no BOP nº16 de 21 de xaneiro de 2022 incluíndo a seguinte praza dentro do persoal funcionario:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
ENCARGADO/A DE PARQUE MÓBIL	1	A.E.	SVS. ESP.	C1

SEGUNDO.- O presente expediente someterase a Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, considerándose definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición non se presentasen reclamacións.

### URBANISMO

**13/27 PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS: APROBACIÓN INICIAL**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, do seguinte teor:

"Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 3-02-2022, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

"Examinado o expediente de referencia cómpre informar:

#### **FEITOS**

1.- Dentro das actuacións levadas a cabo cara ao establecemento da futura Estación Intermodal de Lugo, este Concello solicitou, con data do 5-7-2021, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao amparo do establecido no artigo 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU), o seu pronunciamento sobre a posible exención da tramitación ambiental da "MODIFICACIÓN 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS".

2.- A devandita Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, despois de recabar informe á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, remitiu a este Concello, con data de rexistro de entrada do 27-7-2021, o informe solicitado poñendo de manifesto que non considera necesario someter a devandita modificación puntual do PXOM de Lugo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, sempre que se atendan as indicacións sinaladas polo órgano competente en materia de patrimonio cultural no informe emitido ao efecto que tamén acompañan.

Segundo estas indicacións a ficha resultante do Catálogo deberá adaptarse aos actuais criterios de avaliación cultural consonte á vixente Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e, en consecuencia:

- Revisarase o contorno de protección do edificio da estación de ferrocarril.
- Estableceranse os condicionantes necesarios, tanto para a salvagarda do ben protexido como do seu contorno de protección, sen que isto supoña a cualificación do dito contorno de protección como ben catalogado.

3.- Como consecuencia de tal pronunciamento, o Servizo Municipal de Arquitectura (Arquitecta Municipal dona Susana Penedo Souto) elaborou o proxecto técnico da "MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS", recollendo as indicacións sinaladas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

4.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada con data do 22-12-2021, adoptou o acordo que a continuación se transcribe na súa literalidade:

***"PRIMEIRO.- Aprobar en canto proxecto técnico, en cumprimento do establecido no artigo 127.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o "PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POR LA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS", redactado polo Servizo Municipal de Arquitectura do Concello de Lugo (Arquitecta Municipal dona Susana Penedo Souto).***

***SEGUNDO.- Remitir o presente proxecto de modificación puntual do PXOM a informe do "Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana", en cumprimento do establecido no artigo 7 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do***

*sector ferroviario (LSF), segundo o cal deberá ser informado polo devandito organismo con carácter previo á súa aprobación inicial e no prazo de dous meses computados dende a data da súa recepción. O informe terá carácter vinculante no relativo ás materias da súa competencia e, transcorrido ese prazo sen emitirse, entenderase que é conforme co devandito proxecto”.*

5.- Con data do 28-01-2022 recibíuse neste Concello o informe favorable ao devandito proxecto emitido por ADIF, en cumprimento do establecido no artigo 7 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, solicitado polo Concello en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente transcrito.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** A presente modificación puntual do PXOM goza da natureza xurídica dunha “modificación puntual non substancial” segundo o establecido no artigo 16 da LRRRU, cara a levar a cabo unha actuación de rexeneración e renovación urbana (artigo 2 -j -l). Esta actuación, por non constituír unha variación fundamental da estratexia, directrices, propostas nin cronoloxía do PXOM vixente e non producir diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia, segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, foi eximida do procedemento de avaliación ambiental estratéxica en virtude do establecido no artigo 17 da LRRRU.

**SEGUNDO.-** Esta tipificación e a súa innecesariedade de sometela ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica trae como consecuencia que a súa tramitación sería a regulada no artigo 18 da devandita LRRRU, denominada “Tramitación Simplificada” que, xunto co establecido nos artigos 60, 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), existen, en síntese, o cumprimento dos seguintes trámites:

- Aprobación inicial polo Concello.
- Sometemento a información pública polo prazo mínimo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Diario oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, con solicitude simultánea dos informes sectoriais necesarios e traslado da documentación ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcorrer este, entenderanse emitidos con carácter favorable. (Cómpre lembrar que, de acordo coa nova redacción do apartado cuarto da disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obra pública, a Administración Xeral do Estado, no exercicio das súas competencias, emitirá informe na instrucción dos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos plans territoriais e urbanísticos e das disposicións xerais e normas urbanísticas que inclúan, que poidan afectar ao exercicio das competencia estatais).
- Aprobación provisional polo Concello, á vista das alegacións presentadas e dos informes recibidos e remisión do expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo, quen emitirá o informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta no prazo máximo dun mes.
- Unha vez emitido o informe, no caso de ser favorable, será remitido ao Concello para que proceda á súa aprobación definitiva. No caso contrario, é dicir, si

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

a modificación proposta non cumpre coas determinacións previstas no artigo 16 da LRRRU, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de urbanismo devolverá o expediente ao Concello para a posible corrección das deficiencias detectadas ou para a súa tramitación polo procedemento ordinario.

- Unha vez aprobado definitivamente, procederase á publicación do acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do proxecto de modificación puntual do PXOM a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

- Remisión dun exemplar do proxecto aprobado definitivamente en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia (artigo 88.3). Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 82.4). Posteriormente procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ao establecido no artigo 82.3 da LSG.

**TERCEIRO.-** A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 48 literalmente estableceu:

*“Normas técnicas de planeamiento*

**1.** *Las normas técnicas del planeamiento urbanístico tendrán por objeto unificar los criterios técnicos para la elaboración de los documentos de planeamiento urbanístico, la terminología y los conceptos urbanísticos generales, así como cualquier otra cuestión que precise aclaración u orientación técnica en materia de planeamiento urbanístico.*

**2.** *La aprobación de las normas técnicas corresponde a la persona titular de la consejería competente en materia de urbanismo, previa audiencia a la Federación Gallega de Municipios y Provincias”.*

O obxecto, contido, procedemento de aprobación e alcance destas normas técnicas encóntranse regulados nos artigos 88 e 89 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG.

As Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia foron aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019. A súa Disposición final estableceu un prazo de seis meses para a súa entrada en vigor, a contar dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, que tivo lugar no DOG nº 224 do 25 de novembro de 2019. En consecuencia, a devandita entrada en vigor tivo lugar con data do 25 de maio de 2020.

O presente proxecto de modificación puntual do PXOM está redactado de conformidade co esixido nas devanditas Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**CUARTO.-** Neste proxecto de modificación puntual ponse de manifesto a existencia dunha contradición entre a expresión literaria e normativa da ficha L-53 do Catálogo de Protección do PXOM vixente e o contido gráfico da mesma. Cara a decidir a prevalencia dunha ou doutro neste conflito cómpre ter en conta que se trata dunha cuestión analizada reiteradamente pola xurisprudencia, dando



prevalencia ao contido literario e normativo fronte ao gráfico dos planos e que en tal sentido debe ser interpretado.

Por todas basta citar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias nº 443/2016, do 12-12-2016, na que, con base nas sentenzas do Tribunal Supremo de datas do 16-2-1993 e 22-10-1998, no seu fundamento de dereito segundo se pode ler:

*“ Como ponen de relieve los extractos que hemos hecho de la sentencia apelada y los recursos de apelación, la cuestión nuclear consiste en determinar cuál es la delimitación precisa de la Reserva natural de especial de las Dunas de Maspalomas atendiendo a lo dispuesto en la Ley canaria 12/1994 de 19 de diciembre, que la declaró como tal.*

*A.- En tal sentido procede en primer lugar despejar la solución a la posible divergencia entre el la descripción literal de su delimitación de acuerdo con el texto legal y su delimitación geográfica que figura en el anexo cartográfico C-7 de la propia norma.*

*Pues bien, la jurisprudencia unánime y reiterada, dá prevalencia en caso de contradicción, al texto normativo frente a unos planos que son representación gráfica del texto y como tales están sujetos a cálculos y operaciones que pueden ser erróneas. Por todas la STS de 22 de octubre de 1998 Pte. Sr. Yagüe Gil: "Para estos casos, la jurisprudencia de este Tribunal Supremo ha declarado reiteradamente que debe otorgarse prevalencia al texto normativo (por todas, véase sentencia de 16 de Febrero de 1993) , lo que viene, además, avalado en el presente caso por el hecho de que existe un antecedente, que es el Convenio ya citado, el cual puede ser utilizado para venir en conocimiento de cuál fue la voluntad del planificador, que era la de incorporar el Convenio al futuro Plan General. Y si lo plasmó en la memoria y lo varió en la parte gráfica, es de suponer que la variación fue debida a un puro error material, que, como tal, carece de trascendencia jurídica alguna y puede ser rectificado en cualquier momento."*

Seguindo este criterio o PXOM vixente no parágrafo 3 do seu artigo 8 establece tamén, no caso de conflito, a prevalencia da normativa sobre a documentación gráfica:

***“ART. 8. Interpretación y jerarquización de la documentación del Plan General.***

***3. La jerarquización de carácter general en caso de conflicto de interpretación de lo expresado en las determinaciones comprendidas en el Plan General de Ordenación Municipal, salvo en los casos que expresamente se indique lo contrario, será la siguiente:***

- 1. Normativa urbanística***
- 2. Planos de ordenación y gestión***
- 3. Estudio del medio rural y análisis del modelo de asentamiento poblacional***
- .....”***

Esta Concelleira-Delegada, propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- AROBAR INICIALMENTE, en cumprimento do establecido no artigo 18.1-a) da Lei 1/2019, do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU) o **“PROXECTO DE**

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

**MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN ("ESTACIÓN DE FERROCARRIL") PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS",** redactado polo Servizo Municipal de Arquitectura do Concello de Lugo (Arquitecta Municipal dona Susana Penedo Souto).

SEGUNDO.- Sometelo a información pública polo PRAZO DUN MES, mediante anuncio que se publicará no Diario oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, con solicitude simultánea dos informes sectoriais necesarios e traslado da documentación ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcourir este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 18.1-a) da LRRRU en relación co artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia)."

2.- INFORME DO SECRETARIO XERAL DO PLENO, do 10 de febreiro de 2022, no que se sinala "corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación do proxecto de instrumento de planeamento xeral referenciado - modificación puntual 03 do PXOM-, e posteriormente ao Pleno da Corporación municipal a aprobación do instrumento de planeamento xeral referenciado - modificación puntual 03 do PXOM-, polo quórum de maioría absoluta do número legal de membros do Pleno (13 votos), previo ditame da comisión informativa de Sostenibilidade Urbana e Cohesión Territorial."

3.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- AROBAR INICIALMENTE, en cumprimento do establecido no artigo 18.1-a) da Lei 1/2019, do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU) o **“PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN (“ESTACIÓN DE FERROCARRIL”) PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS”**, redactado polo Servizo Municipal de Arquitectura do Concello de Lugo (Arquitecta Municipal dona Susana Penedo Souto).

SEGUNDO.- Sometelo a información pública polo PRAZO DUN MES, mediante anuncio que se publicará no Diario oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, con solicitude simultánea dos informes sectoriais necesarios e traslado da documentación ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcorrer este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 18.1-a) da LRRRU en relación co artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

### PROPOSICIÓNS

**14/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 34/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACADAR UN TRATO MÁIS CONSIDERADO PARA OS NÓSOS MAIORES POR PARTE DAS ENTIDADES BANCARIAS (Exp. 2022/G004/000121).**

Vista a proposición do Grupo Municipal Ciudadano Lugo, número 34/2022 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de febreiro de 2022, e cuxo texto é do seguinte teor:

“Exposición de motivos:

Co obxectivo de “gañar competitividade e reducir custes”, as entidades financeiras veñen de levar a cabo un intenso proceso de concentración e reestructuración. En setembro de 2008, España contaba con 45.707 oficinas; sen embargo, ao peche de marzo de 2021, este número reduciuse ata as 21.621 sucursais, segundo datos do Banco de España. Desde 2007, pecharon o 52,3% das súas oficinas. Entre setembro de 2020 y setembro de 2021 os bancos clausuraron case 7 oficinas por día.

A dixitalización do sector, unido ao crecemento da banca online que

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

experimentou un importante empuxe coa crise do Covid, son os motivos que se aluden para xustificar estes peches, aínda que tamén a concentración que se está a dar no sector financeiro desde a crise de 2008, é sen dúbida, un dos factores que máis ten influído nesta redución.

Ao peche de oficinas, únese o axuste de plantel. En 11 anos, a perda de empregados no sector bancario ascende a máis de 94.000, segundo datos do Banco de España.

Así, tras a redución de custes, o sector financeiro amosa o mellor dato de rendibilidade desde 2015, tendo como previsión que gañará 14.600 millóns de euros, un 40% máis que antes da pandemia.

Pero estas decisións están a ter consecuencias negativas. Máis da metade dos municipios quedáronse sen sucursais bancarias, sobre todo nas zonas rurais, pero tamén nas urbanas. En Galicia, máis de 70.000 persoas non teñen acceso a unha sucursal e ata outubro de 2021, xa 47 municipios galegos non teñen oficina bancaria. E a isto únese que o 75% das persoas maiores de 65 anos non usan internet a diario, segundo datos do INE, polo que hai miles de persoas que están a quedar excluídas do sistema financeiro a través da dixitalización. Se o goberno obriga a ter unha conta para domiciliar a pensión, é imprescindible que poidan acceder aos seus cartos dun xeito doado.

Na actualidade son moitas as entidades financeiras que queren reducir o uso das libretas e número de persoas que atenden na caixa. De aí que os profesionais de atención ao público, se reducirán considerablemente; se cobren comisións de dous euros ou máis pola entrega en man de efectivo ou por realizar unha transferencia en ventanilla e se reduzan os horarios de caixa, restrinxíndose ata as 11 da mañá.

De aí que ante estas accións das entidades financeiras, os maiores estanse a rebelar e a pedir un trato máis personalizado. Así, a campaña en Change.org "No soy idiotas, soy mayor", xa superou as máis de 540.000 firmas e xa son moitas as mobilizacións en distintas cidades. Piden atención personalizada, xa que son moitas as xestións que se realizan de xeito telemático e que non todos comprenden, precisando de terceiras persoas para poder realizalos, e onde queda a atención presencial, só é posible nuns horarios moi limitados. Ademais, tamén inciden no tema das comisións bancarias, para eles, en moitos casos, abusivas.

Desde o noso grupo municipal, consideramos que as administracións non deben obviar este asunto. Existe unha fenda dixital indiscutible entre as persoas maiores e outras xeracións, o que inflúe, sobre todo, en servizos esenciais e na xestión dos seus recursos económicos, e tamén un trato desigual a un sector da poboación, que no caso da nosa cidade, supón un 20% do total. Dentro das competencias de cada administración, é posible poñer en marcha medidas que provoquen un cambio de actitude por parte de determinadas entidades bancarias que non teñen en conta as necesidades dun sector da poboación que sente perder cada vez máis autonomía para realizar as súas xestións diarias. Para moitos de nós operar a través da banca online é moi doado, pero para unha persoa de 70 ou 80 anos pode resultar moi complicado.

Por iso presentamos a este pleno para a súa aprobación medidas que,

ademais de amosar o respaldo e apoio as súas reivindicacións, tratan de conseguir un trato máis considerado por parte das entidades que obvian as súas necesidades.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao Goberno local a elaborar un código de boas prácticas có obxectivo que sexa subscrito polas entidades bancarias que operan no municipio para atender de xeito presencial e personalizado as persoas maiores

2. Instar ao equipo de goberno a que as contas que esta administración local teña en vigor, do mesmo xeito que os convenios que mantén para o cobro de recibos municipais, se leve a cabo coas entidades que firmen este código de boas prácticas.

3. Instar ao equipo de goberno a incrementar nun 100% a taxa por aproveitamento especial da vía pública dos caixeiros automáticos a aquelas entidades bancarias que non garantan unha atención presencial durante toda a súa xornada laboral, que na actualidade é de 284,23 euros.”

Visto, así mesmo, a emenda de engádegas presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 68 de Rexistro de Pleno, aceptada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, e na que se propón engadir un cuarto punto de acordo do seguinte teor:

“4º.- Demandar ao Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España dende o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de forma que se garantice a súa prestación para todos os usuarios.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 11 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,  
**ACORDA:**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno local a elaborar un código de boas prácticas co obxectivo que sexa subscrito polas entidades bancarias que operan no municipio para atender de xeito presencial e personalizado as persoas maiores.

SEGUNDO.- Instar ao equipo de goberno a que as contas que esta administración local teña en vigor, do mesmo xeito que os convenios que mantén para o cobro de recibos municipais, se leve a cabo coas entidades que firmen este código de boas prácticas.

TERCEIRO.- Instar ao equipo de goberno a incrementar nun 100% a taxa por aproveitamento especial da vía pública dos caixeiros automáticos a aquelas entidades bancarias que non garantan unha atención presencial durante toda a súa xornada laboral, que na actualidade é de 284,23 euros.

CUARTO.- Demandar ao Goberno de España a necesidade de elaborar un estudio, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España dende o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de forma que se garantice a súa prestación para todos os usuarios.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate co grupo propoñente, Ciudadáns, tres minutos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Se na nosa sociedade existe un problema, como Administración máis próxima pois temos obriga de tratar de darlle solución ou como mínimo de poñer os medios á nosa disposición para tratar de resolvelo. Isto é o que acontece cos nosos maiores, que se senten marxinados e maltratados por las entidades financeiras á hora de realizar calquera trámite u operación bancaria.

Comproban como perden autonomía, se sinte máis dependentes de terceiras persoas, ó ter que acudir a banca electrónica ou o caixeiro automático. Síntense absolutamente indefensos ante a un sector financeiro que non ten en

conta a profunda fenda dixital que existe nos nosos maiores. E non só isto, senón que lles cobran comisións abusivas á hora de realizar calquera acción en portelo, que sería sen costes se o fixera no caixeiro ou na banca *online*. Iso nun horario reducido polas mañás cedo, que lles obriga a facer cola sen ter a seguridade de que van a ser atendidos. Anque para moitos de nós é algo habitual, para moitas persoas é un mundo de dificultades que os fai sentir incapaces de adaptarse ás novas realidades.

O sector financeiro rematou en 2021 con 3.000 oficinas pechadas e con 12.100 traballadores menos, o que supón unha importante redución de costes. De aí que tamén pecharon o ano 2021 coas contas en positivo e con beneficios, e isto a costa dun peor servizo dado ós clientes onde os máis prexudicados son as persoas maiores ó reducirse de xeito drástico a atención individual e a atención personalizada.

Dada esta situación, iniciáronse distintas concentracións para reivindicar un trato máis xusto e persoal por todo o país, sobre todo despois de iniciativa de Carlos San Juan de “Son maior, non idiota” que xa leva máis de 647.000 firmas.

Esta presión social parece que conseguiu un compromiso por parte do Goberno central para exixir ese cambio na atención e tamén nalgunhas entidades que xa anunciaron un ampliación de horarios para a atención presencial e preferencia, e de preferencia ós maiores á hora de ser atendidos. Son pasos adiante, é verdade, pero desde Ciudadanos cremos que é posible contribuír a que sexan cada vez máis as entidades comprometidas.

De aí que defendamos a elaboración dun código de boas prácticas para as entidades bancarias, no que se exige trato cara a cara, información, atención personalizada e accesibilidade para cos nosos maiores. Todas aquelas entidades que se adhiran a este código serán coas que manterá esta administración contas operativas e convenios para o cobro ou pago de recibos ou calquera outro tipo de operación.

Simplemente se trata de amosar o noso compromiso como administración, cun colectivo que se está sentir marxinado e menos valorado, poñendo en marcha unha ferramenta que pode contribuír a mellorar a relación que as persoas maiores

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

teñen cos bancos. Do mesmo xeito que aquelas que non o fagan verán incrementada a taxa de caixeiros automáticos nun 100%. Aquí ten, señora Alvarellos, unha nova proposta para o ano que vén.

Este concello non debe permitir que unha cuarta parte da nosa poboación se sinta desamparada ante todos estes cambios e é mais que necesaria a súa implicación con medidas deste tipo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

Pois quenda agora para a portavoz do Goberno, para a concelleira de Benestar Social.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bos días a todas e a todos.

Somos conscientes, compartimos a preocupación que existe en varios sectores sociais, como as persoas maiores ou con discapacidade e nalgúns ámbitos territoriais, especialmente no rural, arredor das dificultades para acceder a determinados servizos bancarios básicos como a retirada de efectivo.

Quero trasladarlles o noso acordo coa esencia da súa proposta e non dubidaremos da boa vontade da mesma, que entendemos que se traslada dela. De seguro que todos temos país, avós que están a sufrir a falta de consideración das entidades bancarias coma un trato totalmente abusivo. Os maiores presentan o 20% da nosa poboación lucense.

As Administracións, non nos esquezamos, temos a obriga por medio da planificación, a organización, a execución e o control dos recursos de darlles a estes un uso eficiente para alcanzar os obxectivos. Debemos de facer que se manteña un equilibrio entre eficacia e a eficiencia e, sobre todo, entendendo a eficacia como poder alcanzar os obxectivos.

Neste asunto o obxectivo é acadar e atender as necesidades da nosa poboación, sobre todo a maior, poñendo ó seu alcance todas as alternativas das que dispoñemos. O fin de conseguir precisamente esta eficacia, e co obxectivo de acadala, imos a presentar unha emenda á totalidade que agora lles achegaremos, e fundamento por que non podemos admitir os puntos de acordo da súa proposición.



No punto 1, non é posible aceptar este punto de acordo, xa que o Goberno local non ten a capacidade de obrigar ou actuar de xeito coercitivo para garantir o cumprimento das boas prácticas que refiren. No punto 2 que vostedes presentan, a legalidade de execución deste punto de acordo é cando menos controvertida e non contamos coa garantía xurídica de poder desenvólvela.

No punto 3 direilles que o incremento das taxas, xa se fixo e están preto de alcanzar o 100%, pero a realidade que saíu disto foi que dende 2012 ata 2021, pasouse de 48 recibos a 36 neste momento. Non é eficaz.

Por iso imos a propoñerlles unha emenda á totalidade con diferentes puntos de acordo que paso a enumerar e finalizarei na seguinte intervención: Punto 1: “instar o Goberno central a que axilice a tramitación do anteproxecto de Lei de Creación de Autoridade de Protección ao Cliente Financeiro para garantir o dereito dos maiores a una atención bancaria adaptada ás súas necesidades. Solicitar á Xunta de Galicia amosar con feitos obxectivos o respaldo ás reivindicacións dos colectivos e plataformas da terceira idade, deste xeito, que elabore no marco das súas competencias exclusivas en consumo a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia unha...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, continúa na segunda intervención. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Alvarellos, mire nós como grupo, como partido falámonos entre nós, pasámonos información. Eu xa sei que vostede non pode facer iso no grupo de goberno, hai unha parte do grupo de goberno na que parece que hai problemas de relación, pero nos si nos pasamos información e podemos falar entre nós cando queiramos.

Dito isto, entramos no debate da iniciativa que trae hoxe Ciudadanos a este Pleno e defendeu a súa portavoz, unha iniciativa que é parte, xa se dixo aquí, da asociación de xubilados e pensionistas de Lugo e nos fixeron chegar a todos os grupos. Nos tamén a íamos a rexistrar, pero por un erro noso á hora de rexistrala,

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

pois non podemos rexistrala para poder debater, pero si nos unimos ao debate desta emenda, encantados de poder defender pois esas peticións, esta idea que creo que todos compartimos.

Nós vamos a presentar unha emenda co único fin de melloralala, para que o Goberno do Estado, como órgano competente na regulación de entidades financeiras, se involucre neste tema de suma importancia, máis na actualidade, sobre todo neste momento despois de que o xubilado de Valencia, a través da súa campaña: "Soy maior, pero non idiota", fixo que a sociedade nos concienciáramos diso e sobre todo as entidades bancarias, pois tamén abrisen, anque fora solo un pouquiño, os ollos a esta problemática e xa empezaron a cambiar algúns dos seus hábitos que levaban tempo implantados.

Mire, nos últimos tempos foi moi perceptible é moi forte o impacto que tivo e ten a reestruturación bancaria en todo o territorio: no europeo, no nacional, no galego. Unha reestruturación que tivo un punto de partida na crise económica e financeira de 2008. O propio Banco Central Europeo publicou un informe en 2017 onde reflexaba que dende o inicio da crise desapareceron o 25% dos bancos europeos e o propio Banco de España reflexaba o pasado setembro nun informe que durante último ano pecharon o 11% as oficinas bancarias. E si nos referimos dende a crise, nada máis e nada menos o 57%.

É dicir, estamos ante unha situación de peche de entidades, dunha pésima atención ós clientes e duns horarios reducidos tamén polos usuarios que afectan ás sucursais tanto situadas no rural, porque moito se centra no rural, pero tamén afecta ó ámbito urbano.

Isto dende logo xera unha profunda preocupación e inquedanza na cidade que penso que todos compartimos, como dixen antes.

Chega con dar un paseo por calquera pobo ou cidade para ver a envergadura que ten esta problemática. Como vemos, este é un problema de ámbito nacional e, polo tanto, a solución ten que vir tamén de ámbito nacional. Por iso presentamos esta emenda de engádegas que teñen vostedes aí e vai dirixida nese sentido.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para a portavoz de Cidadáns.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Racamonde, vostede entenderá que o que o noso grupo pide é o compromiso principal desta administración. Todo o que veña dado e que se poida pedir tanto ó Goberno Central como á Xunta de Galicia benvido sexa, pero nós queremos que esta administración asuma o seu compromiso.

De aí que nós non podemos aceptar a súa emenda de substitución. Si que podemos aceptala como engádea porque entendemos, como faremos coa do Partido Popular, porque instar ao Goberno Central parécenos correcto; solicitar á Xunta de Galicia, parécenos correcto. E tamén compartimos que se poida valorar a instalación de caixeiros automáticos nos centros municipais e incorporar os cursos de dixitalización.

Pero nós queremos que a nosa proposta tamén saia adiante, dígolle por que. Porque os argumentos que vostede esgrime para non aceptalas, non teñen razón. Porque é posible traballar, esta administración pode traballar coas entidades bancarias que considere oportunas, e pode facelo baixo un criterio de boas... un código de boas prácticas que se adapte ao que nós, como Administración, exiximos. Nós traballaremos con aquelas entidades financeiras que teñan un trato personalizado, que atendan ós nosos maiores, que teñan un horario non reducido e que teñan en conta a fenda dixital.

Do mesmo xeito que acontece coa taxa dos caixeiros automáticos. Somos unha das Administracións que máis baixa ten esta taxa: non chega nin a 300 euros. Se é entidade financeira e vostede quere instalar un caixeiro na nosa vía pública e vostede se adapta ás necesidades que nós, como Administración, lle exiximos para traballar con nós, tamén debe cumprir uns requisitos, se non será un incremento desa taxa que é perfectamente compatible que se poida especificar así nesas ordenanzas fiscais.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Polo tanto aceptamos esta emenda, si, pero como engádea, non como de substitución, porque nós queremos que exista un compromiso claro dentro das competencias desta administración local e todo o que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz do Goberno, señora Olga López.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Mire, eu expliqueille os motivos e sobre todo son de lexislación. É dicir, non é unha falta de vontade do Goberno, é que ten realmente problemas legais para desenvovelas. Iso son os informes que, ademais, a nós nos constan.

Entón, nós seguímoslle coa proposta, non podemos admitir unha emenda de engádea, é una emenda de substitución para que se elabore a carta de servicios básicos que garanten o dereito dos maiores de Lugo, así mesmo que se cumpra coas competencias atribuídas nos puntos 1 e 2, señor Carballo, aínda que non se dirixe a min, debo ser pouca cousa, do Estatuto de Galicia sobre fomento e planificación da actividade económica e defensa o consumidor ou usuario sobre as institucións de crédito corporativo, público e territorial, con un plan de recuperación dos servicios bancarios de Lugo, que inclúa un plan integral de telefonía móbil no rural, para que así todos dende o rural poidan ter acceso á banca electrónica.

Iniciar un proceso de avaliación, achegar ós concellos financiamento para formación. E instar ó Concello de Lugo, tamén nos poñemos deberes a nós mesmos, a inquirir a colaboración coas entidades financeiras para conveniar a instalación de caixeiros nos nosos centros sociais e que teñan apoio dos técnicos e incorporar ós cursos de dixitalización formación en competencias dixitais específicas da banca.

Creo que a emenda de substitución é máis que factible, é posible e só vai en beneficio dos nosos maiores.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Racamonde, se non me dirixín en nome a vostede, se me referín á señora Alvarellos, era en referencia á iniciativa anterior, non a está.

En esta, señora Racamonde, teño que recoñecerlle que vostede intenta facer un regate moi corto. Pero mire se intentan facer o regate neste tema que todos sabemos que a regulación bancaria é competencia do Banco de España, é dicir, do Goberno de España. ¿Tampouco comparte iso? Iso élle tal cal, senón infórmese.

E polo tanto nós, o que queren facer vostedes, xa o sabemos: todo é culpa da Xunta, todo é culpa da Xunta. ¿Sabe o que pasa? Que xa non é que só sexa culpa da Xunta, é culpa do Partido Popular. Porque se na Xunta estiveran vostedes, tampouco sería culpa da Xunta de Galicia. Sería culpa de algún alcalde, ou incluso dalgún afiliado do Partido Popular. Non se preocupe, sería perfectamente válido o seu argumento para isto.

Pero mire, cando aínda o problema non era moi urxente en Galicia, o Goberno galego xa demandou una coordinación estatal coa urxente necesidade de elaborar un estudio completo e detallado do mercado financeiro. Polo tanto, a Xunta xa se adiantou ao problema pero o señor Sánchez preferiu neste caso mirar para outro lado.

E por iso, a Xunta de Galicia chegou a un acordo a FEGAMP para solucionar esta situación. E aí entraron alcaldes de todos as cores políticas neste convenio. Teñen o protocolo, se non...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Bueno, por sorte o grupo Ciudadanos algo de normativa legal sabe e mire, non existe ningún, é imposible que exista ningún informe técnico legal, que claro, vostede como fala de informes que non existen, só na súa cabeza, que apoiem esa postura.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

E se non, agradézolle que por favor, mo remita e eu poda caer da burra e estar acordo, porque non existe nada que impida que este concello elabore un código de boas prácticas para traballar coa entidade financeira que lle de a gana, que lle dea gana.

E así non existe nada legal que lle impida facelo. E subir as taxas tampouco, porque é una competencia propiamente local. Polo tanto, nós o que dicimos é que aceptamos a súa emenda como de substitución [engádega]. Se non lles vale, pois nós mantemos a nosa proposta e aceptamos a de engádega do Partido Popular nesta proposta.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

Non sei se intencionadamente, pero se reitera sempre Pleno tras Pleno isto de informes, informes. A veces ou non escoitan ou non queren escoitar. Pedimos información, nos asesoramos. E a información..., a información ou pedir opinión se fai de maneira verbal como entenderán... [Comentarios]. Cando me permitan, continúo falando. Grazas. Pois o fan de maneira verbal e nós para decantar moitas veces un sentido do voto, máis aló de que podemos concordar coa filosofía, tal e como lle comentou e expresou pois a portavoz do Goberno, pois pedimos ese asesoramento, en moitos casos, lexítimo e xurídico. E como xa lle trasladou, hai controversia porque evidentemente un código de boas prácticas se pode realizar, pero o que lle intentou explicar, que parece que non deberon comprender, é que o que non podemos é coaccionar a ninguén para que firme. E se non firma, tomar represalias sobre esa entidade bancaria que é un pouco o que ven a dicir, ¿non?, a moción.

Polo tanto, pois partindo da filosofía que creo que quedou aquí de manifesto que hay unanimidade na corporación do sentir abusivo por parte das entidades financeiras de cara aos nosos maiores e da vontade de intentar poñer solucións dende todas as Administracións, máxime dende aquelas que teñen as competencias para facelo como a comunidade autónoma; e non se trata de quen governe cada comunidade autónoma, porque nos tamén lle trasladamos solicitudes de peticións ao Goberno central, a pesar de que no Goberno central está

gobernando agora o Partido Socialista, pero entendemos que cando ten as competencias e ten capacidade de facer cambios e modificacións, llo solicitamos. Como temos manifestado xa neste Pleno en moitas ocasións, cousa que non fixeron vostedes nunca de confrontar coa súa administración amiga polo feito de non vaia ser que me movan as cadeiras, que ultimamente se moven e moito. Incluso abandonan os barcos de maneira indecente, me atrevería a dicir.

Por lo tanto, o que pedimos... polo tanto, o que pedíamos era mellorar un pouco esa situación, pero en todo caso, pois trasladaremos igualmente as nosas pois... propostas ó Pleno.

Vamos a proceder entón a votar a proposta como a presenta o Grupo de Cidadáns, coa emenda... [Comentarios]. Por favor, vamos a facer a votación da proposta. Por favor, por favor. Estamos nunha sesión plenaria e, polo tanto, lle pido respecto, que saibamos ocupar, pois o espazo do que estamos agora facendo uso e que teñamos tamén, ¿non?, educación aquelas persoas que están intervindo.

Dicía, vamos a proceder agora á votación da proposta de Ciudadanos tal e como a presenta, con esa emenda do Partido Popular aceptada, e esa emenda do Goberno rexeitada.

**15/29 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 62/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA POÑER EN MARCHA UN PLAN DE CONVIVENCIA VECIÑAL COMO CONSECUENCIA DA OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS (Exp. 2022/G004/000154).**

Vista a devandita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de febreiro de 2022, e cuxo teor é o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2020, el pleno del Concello de Lugo rechazó aprobar una proposición de este grupo para tratar de luchar contra los problemas de convivencia que causan en Lugo la ocupación ilegal de viviendas. En ese momento miembros del Gobierno Municipal, llegaron a tachar de alarmistas a la oposición, pero tristemente el tiempo nos ha dado la razón, el problema existe y nada se está haciendo desde el Ayuntamiento.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Ya en aquel entonces, y siempre lo hacemos, diferenciamos entre dos tipos de ocupaciones ilegales. Por un lado, las derivan de una situación económica y familiar desfavorable como pueden ser las derivadas de impago de hipotecas, las cuales sin duda merecen protección institucional, a través de cambios normativos y soluciones habitacionales; y por otro aquellas ocupaciones relacionadas con acciones delictivas.

Si nos fijamos, en el primer supuesto no suelen crearse problemas de convivencia, pero en la segunda sí. Es decir, al vecino de Lugo no les molesta ni perturba en su día a día, que una familia que no puede pagar su hipoteca, ocupe esa vivienda, lo que realmente le molesta son los problemas de convivencia que crea la ocupación relacionada con acciones delictivas y/o incívicas, que por desgracia en Lugo cada vez proliferan más.

Además de todos aquellos casos denunciados en su día, que afectaron a los barrios de A Milagrosa, Sagrado Corazón, As Gándaras o A Campiña, solamente desde el verano de 2021 hemos podido observar, como prácticamente cada mes, teníamos algún caso de problemas de convivencia derivados de la ocupación ilegal, muchos de ellos con repercusión mediática, de los que podemos destacar los siguientes:

### Junio 2021

En el barrio de Montiron los vecinos se organizan para impedir la ocupación de inmuebles, llegando a realizar a su costa un buzoneo de pasquines a todos los vecinos, con el fin de estar alerta ante cualquier intento de ocupación de viviendas en el barrio. La asociación de vecinos del barrio, denunciaba que había una casa ocupada y que se produjeron varios intentos meterse en casas que estaban vacías.

En uno de esos intentos, fue la rápida reacción de los vecinos del barrio la que frustró la ocupación.

E ese comentario se denunciaba también la casa ocupada "quedó completamente desvalijada y destrozada aprovechando que los dueños, mayores, se habían ido a vivir con su hija".

### Julio 2021

La prensa se hacía eco de una quema incontrolada, realizada por ocupas, provocó el incendio de unos matorrales en una finca situada en la urbanización Allieiro, cerca de Conturiz, que por suerte no tuvo que soportar pérdidas personales.

### Agosto 2021

En Santa María Alta, en la urbanización As campas un chalé fue ocupado y sus moradores protagonizaron una gran pelea que acabó con dos detenidos y un herido.

### Septiembre 2021

El centro de Lugo también padece el problema de la ocupación y así varias personas ocuparon el inmueble número 13 de la Plaza del Ferrol, edificio adosado a la muralla.

En este caso los ocupas fueron identificados debidamente y la prensa local se hacía eco de que estos "inquilinos son reincidentes. Ya han llevado a cabo en los últimos años otros allanamientos de viviendas deshabitadas en Camiño Real y



en el barrio Feijóo. En ambas zonas protagonizaron incidentes, que requirieron la presencia policial”.

En estas mismas fechas los vecinos de las calles de Xulia Minguillón y Yáñez Rebolo exigían al ayuntamiento que tomara medidas para erradicar el vertedero incontrolado que generaron los okupas de una casa situada en la intersección de ambas calles. Este último caso incluso llegó a la TVG, en la que varios vecinos aseguraban se escuchaban discusiones con fuertes gritos a altas horas de la noche.

Do mesmo xeito é totalmente necesario a renovación desta rede de abastecemento, para o día a día das empresas alí situadas. Xa que tal e como se recoñe no informe de enxeñería de data 23 de xuño de 2021 a rede actual non só non ten a presión de auga suficiente en certos puntos da rede, senón que está totalmente en obsoleta e non soportaría un incremento de presión.

Cómpre recordar que foi o propio informe técnico elaborado polos técnicos municipais o que recomendou unha proposta de mellora nas infraestruturas que proveñen, na súa meirande parte, dos anos 70 e 90.

No seu momento o Goberno Local comprometeuse a abordar a súa mellora de xeito paulatino, según á capacidade económica dispoñible.

Pero a realidade é que un ano despois atopámonos na mesma situación sen que exista un programa de actuacións de mellora, cun cronograma e cunha previsión orzamentaria que permita coñecer de xeito certo cales son as necesidades reais e cando estarán executadas as obras de mellora previstas.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular presenta este **ROGO A PLENO** para que o Concello de Lugo adopte as medidas oportunas para a inmediata renovación da rede de suministro de auga do Polígono do Ceao reservando las partidas presupuestarias pertinentes.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ¿Queren facer uso para motivar o rogo? ¿Si? Pois, ten a quenda de palabra.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Gracias, alcaldesa.

La verdad es que iba a traer unas pequeñas líneas introductorias para defender este ruego, pero después pensé: esta gente del PSOE y de BNG siempre nos están diciendo que los informes municipales, que dicen una cosa, la contraria, la otra, que no lo pueden hacer porque los técnicos...

Así que dije: bueno, pues voy a coger los informes municipales, precisamente que avalan este ruego. Entonces, si me permiten, voy a ir leyendo extractos de los informes, por ejemplo, del Servicio de Extinción de Incendios y del Servicio de Ingeniería: 6:42, del domingo 11 de abril del 2021. Uno de los peores incendios que tuvo lugar en la ciudad de Lugo, el incendio del Ceao empezó, arrancó.

2 millones de litros de agua fueron necesarios para extinguir este incendio y varios días para sofocarlo por completo. Actuaron brigadas de todos los municipios. Incluso fue necesario y requeridos los servicios de emergencias de la Xunta.

Uno de los problemas que se encontraron fue la escasez de agua. No la escasez de agua, sino la escasez de presión de agua en el suministro del agua del Ceao. Esto es una evidencia. Y los que estábamos allí en ese incendio, podíamos ver cómo efectivamente era una realidad esa escasez en el suministro de agua en esa zona. No lo digo yo, sino que lo avalan, como veréis, los técnicos municipales.

Bueno, se encarga un informe a Ingeniería para ver lo que ha pasado allí. Y este informe es bastante esclarecedor. Data la instalación de abastecimiento de agua del Ceao del año 77. Habla de que los tramos son construidos en fibrocemento. Se detalla claramente que están... bueno, su vida útil ha sido ya agotada y además habla de que se suministra por gravedad, como todos sabemos, a través del depósito del Ceao. Es decir, un depósito que está apenas una diferencia de cota muy pequeña, a pocos metros de diferencia, casi no hay ni metros de diferencia con respecto a la rúa da Industria, donde tuvo lugar el incendio.

Eso provocó, o eso provoca, porque este problema sigue estando en vigor, que haya diferencias de presión muy importantes en la red de agua del Ceao. Por ejemplo, según este informe municipal, en la rúa da Industria la presión del agua está entre 0,6 y 0,8 kilogramos centímetros cuadrados. Para que nos hagamos una idea, junto a la ITV en el polígono de Ceao, la presión es de 3,8 kilogramos centímetro cuadrado. Es evidente que en esa zona la presión de agua es muy baja por la cercanía a los propios depósitos.

¿Solución? Presentan varias soluciones desde el servicio de ingeniería: Incrementar la presión a través de una bomba. No es viable porque, como aclaran desde el servicio de ingeniería, esa sobrepresión, rompería las tuberías de fibra de cemento que han agotado su vida útil. Lo mismo si intentamos bombear desde el depósito de Penarrubia. Incremento de presión: reventaría todas las tuberías que ya tienen absolutamente agotada su vida útil.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Solución única: reformar... renovar toda la red de abastecimiento del Ceao. Hace un año de este incendio, se comprometieron a hacerlo de inmediato y un año después, bueno, seguimos esperando. Por tanto, desde el Partido Popular, sin ánimo de polemizar, sin ánimo de crispar, sin ánimo de, vamos, de discrepar en ningún momento les pedimos que se pongan manos a la obra a resolver este problema. Porque es un problema grave, como hemos visto, y es un problema real y es un problema que no podrán negar, porque lo dicen los informes municipales. Les pedimos que trabajen.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Pois, por parte do Goberno, o portavoz de Medio Ambiente.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas de novo.

Pois, en relación ó Ceao, a día de hoxe non existen queixas dos industriais da zona sobre un deficiente subministro de auga no polígono. E tampouco é una zona onde se produzan avarias de forma especial.

Si que existen algunhas tubaxes de fibrocemento, igual que das mesmas características que o resto das outras rúas que se están cambiando e que deberán ir sendo paulatinamente renovadas.

En relación ó informe, menos mal que vostede non quere polemizar, porque desde logo a explicación que da é absolutamente sesgada, incluso entrando en cuestións técnicas nas que eu, dende logo, nunca me atrevería a entrar. Si temos a información e o informe e os datos dos propios técnicos; e o informe destes técnicos di, menciona, que se conclúe que a capacidade de almacenamento de auga do depósito do Ceao e de subministro de abastecemento en alta a este depósito son suficientes.

Incluso en situacións de demandas... *[Comentarios]*. Incluso... perdón, eu sempre escoito así con moita atención e con moito interesa. Gustaríame que me deixaran explicar.

Din os técnicos municipais que "A capacidade de almacenamento de auga de o depósito do Ceao e de suministro de abastecemento en alta a este depósito



son suficientes, incluso en situacións de demanda extraordinaria como a acontecida co incendio do 11 de abril de 2021”.

Por tanto, unha vez máis sexamos rigorosos e non creemos un alarmismo que non se sustenta en datos técnicos nin en informe do noso persoal de área.

Ademais, se queremos ser rigorosos debemos ter en conta e valorar que a mellora da infraestrutura de rede de abastecemento do polígono ten incidencia, como un pouco vostede dicía, tanto no sistema xeral de abastecemento, sobre todo no parque empresarial das Gándaras e na zona leste da cidade, como nas instalacións de abastecemento das empresas asentadas no propio polígono; polo que a intervención nesta infraestrutura require dun estudio previo pormenorizado que recolla a avaliación de necesidades, valoración e planificación das inversións ou a definición de fases de execución. De xeito que se poidan desagregar o alcance en niveles de investimento para cada anualidade.

Logo, no propio rogo falan de que no seu momento o Goberno Local comprometeuse a abordar a súa mellora de xeito paulatino, segundo a capacidade económica dispoñible. Pois efectivamente, niso estamos traballando. Pero non só no Ceao, en toda a cidade. Por exemplo, a través do Plan de Erradicación de Fibrocemento, para evitar deste xeito as avarías que se veñen producindo por determinadas zonas da cidade e reitero, non especialmente do Ceao, para o que investimos máis de 1,2 millóns de euros e polo que substituímos as tubaxes por outras de fundición en 14 rúas da cidade. Actuando nun total de 250 acometidas e substituíndose 4.080 metros de tubaxes...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Nunca fomos moi estritos cos tempos nos rogos e preguntas, pero ten que ir rematando para non exceder...

Moi ben, moitas grazas.

Nunca fomos moi... porque sempre a verdade é que tanto nos rogos e as preguntas todo o mundo se adaptou ós tempos establecidos no ROMP, pero é dicir, que sigamos adaptándonos aos tempos que o ROMP nos traslada.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 67/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE**

**ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR, A REACTIVACIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E OUTRAS MELLORAS NO FOGAR DO TRANSEÚNTE**

Visto o devandito rogo, cuxo teor é o seguinte:

Cuando la climatología es más dura se hace más evidente la problemática de aquellas personas sin hogar que se ven obligadas a vivir en la calle sin un techo bajo el que cobijarse, es por ello que es en esta época del año cuando esta problemática se hace más intensa y cuando requiere de medidas contundentes para paliar los terribles efectos que puede causar el frío. La respuesta institucional es fundamental, dado que a menudo sirve como una red de apoyo básico para las personas que se ven empujadas por causas estructurales a vivir en la calle. Una red institucional adecuada puede lograr que las personas afectadas eviten caer en la indigencia, pero para ello son necesarios unos recursos habitacionales adaptados a las personas sin hogar, así como medidas para paliar aquellas dificultades y barreras que encuentran las personas proclives a quedarse sin un techo bajo el que cobijarse.

Actualmente es tendencia en Europa cambiar el enfoque sobre el objetivo de las políticas sociales para mejorar la calidad de vida de las personas sin hogar ya que cada vez prima más el enfoque orientado a evitar que existan personas sin hogar. El objetivo de la erradicación de esta problemática pasa por dar una respuesta multidisciplinar que sea capaz de integrar la acción de varios servicios.

El Grupo Municipal del Partido Popular propone una estrategia con un enfoque integral liderado por la Administración Local, ya que se trata de la más cercana al ciudadano y nos encontramos ante un fenómeno de carácter urbano ya que la mayor concentración de personas sin hogar se encuentra en el entorno urbano. Para dar una respuesta adecuada hay que aproximarse a las principales necesidades de las personas sin hogar, desde las más básicas a el proceso de acompañamiento en la restauración del proyecto de vida. Un proceso que debe acercarse a las necesidades específicas de cada persona, los inmigrantes, las mujeres o las personas con problemas de salud mental y adicciones pueden necesitar apoyo específico para superar situaciones que pueden abarcar desde la violencia de género a agresiones o la trata de seres humanos, entre otras.

En la ciudad de Lugo nos encontramos ante un incremento de gente que vive en nuestras calles y que por diversos motivos no quieren o no pueden acogerse a los servicios sociales ofertados por el Concello de Lugo. La falta de un lugar para sus mascotas, muchas veces única compañía permanente de la que disponen, la burocracia de los trámites necesarios para acceder a las ayudas ofertadas por la administración local o una simple barrera idiomática son muchas veces trabas insalvables para el transeúnte pero inconvenientes que podría solucionar con relativa facilidad la institución municipal.

Pedimos un Plan Municipal integral, que tenga en cuenta la perspectiva de género, la idiosincrasia propia del colectivo sin hogar, que individualice la atención, fomente la autonomía del usuario y que garantice que las personas conozcan y ejerzan sus derechos y, por supuesto que no olvide la sensibilización y la

integración social. Es por ello que no podemos olvidarnos de la labor realizada por el voluntariado que permite que desde el acercamiento y la conciencia social se pueda dar respuesta a aquellas cuestiones a las que las instituciones no pueden llegar.

Por todo ello el Grupo Municipal del Partido Popular presenta este **RUEGO A PLENO** para que el Ayuntamiento de Lugo tome las siguientes medidas:

1. La creación de un Plan Integral de Atención a las Personas sin Hogar, que tenga especial sensibilidad con la perspectiva de género y con aquellas cuestiones más sensibles propias de este colectivo.

2. Reactivar la Oficina Municipal de Voluntariado, para que entre sus funciones pueda servir de apoyo a los servicios sociales municipales en la gestión de la reincorporación a la sociedad de las personas sin techo ayudándolas a restablecer su proyecto vital.

3. Acondicionar un espacio que permita albergar a las mascotas de los usuarios cumpliendo la normativa vigente y asegurando que ninguna persona se vea obligada a dormir a la intemperie por no querer abandonar a sus animales de compañía.

4. Que se facilite y agilice la burocracia necesaria para acceder al Fogar do Transeúnte, habilitando la identificación de los usuarios en el propio centro o en alguna dependencia municipal cercana.

### DELIBERACIÓN

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias, alcaldesa.

Hoy no queremos hablar de las distintas ayudas económicas que las distintas Administraciones tienen para los distintos programas, a través de la encomiable y muy valorable labor de las asociaciones sociales.

Hoy no queremos hablar de fríos expedientes, hoy queremos hablar de vida. Queremos hablar de vidas truncadas. Queremos hablar de esas vidas que están excluidas o en vías de exclusión de la sociedad.

Por ello queremos que este Concello dé un paso más allá, queremos que este Concello garantice una estrategia con un enfoque integral liderado por esta Administración local, la más cercana al ciudadano, para intentar la restauración de los proyectos de vida que han quedado por el camino.

Un proceso que debe acercarse a las necesidades específicas de cada persona, los inmigrantes, las mujeres o las personas con problemas de salud mental y adicciones, que necesita un apoyo específico e individualizado para

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

superar situaciones que pueden abarcar desde la violencia de género, agresiones o la trata de seres humanos, entre otros.

Pedimos un plan municipal integral, que tenga en cuenta, sobre todo, la perspectiva de género, la idiosincrasia propia del colectivo sin hogar, que individualice la atención, que fomente la autonomía del usuario, que garantice que las personas conozcan y ejerzan sus derechos. Y, por supuesto, que no olvide la sensibilización y la integración social.

Y antes de que empiecen a lanzar balones fuera, porque veo que en este Pleno es lo que están haciendo, el Concello sí tiene responsabilidad; y sólo por dar unas pinceladas, dentro de este plan que nosotros proponemos, pueden hacer que la gente por tener mascotas no duerma en la calle. Pueden hacer mejor accesibles todos los procesos burocráticos, intentando que no tengan que desplazarse, como se están desplazando ahora para conseguir entrar en el albergue hasta San Fiz. Pueden acercar esos servicios a los transeúntes. Pueden, por ejemplo, hacer campañas en época de frío, campañas específicas este Concello, o lo que reiteradamente venimos pidiendo, pueden de una vez por todas abrir una oficina de voluntariado que apoye y coordine a las distintas asociaciones.

No lancen balones fuera y pónganse a trabajar en este tema. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A concelleira de Benestar, portavoz do Goberno.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** A verdade é que mo esperaba: copias e pegas. Plan de Atención a Persoas Sen Fogar en Galicia 2019-2023. Vale. A verdade é que non me gustaría, nome... [Comentarios].

Bueno, pois mire, eu quixera non ter que comentar... comezar a miña exposición dicindo que vostede ou ben falta á verdade deliberadamente ou non ten coñecemento do que está a falar. Este goberno sufraga a liña Sen Teito que conta con diferentes liñas de actuación. A estratexia do programa Sen Teito sigue un enfoque multi-disciplinar nas accións destinadas a persoas sen fogar.

Se ben un dos obxectivos fundamentais é detectar de xeito activo ás persoas que poidan atoparse en situación de rúa, ofrecéndolles os recursos

dispoñibles a todos, o programa confórmano diferentes estratexias. E a abordaxe que temos actualmente vai moito máis alá das persoas sen fogar aspirando, aspirando á restauración dos seus proxectos de vida e a súa recuperación na reinsertión social.

Este programa articulase mediante unidades técnicas especializadas que traballan na rúa. Si, señora Macamen, con subvencións nominativas directas a entidades con Cruz Vermella e Alume. Xa sei que vostede igual non quere sacar este tema, é voulle dicir por que. Porque o Concello de Lugo abona este ano 90.000 euros para este programa. ¿E sabe canto abona a Xunta de Galicia á Cruz Vermella, para este programa segundo a súa liña estratéxica para todo Galicia? 165.950 euros. No me estraña que no queira falar diso.

Este diñeiro ofértase para que os transeúntes nas rúas poidan ter instalacións e ter á súa disposición accións que permitan o seu desenvolvemento integral e tamén se realizan actividades, estratexias de abordaxe terapéutico a curto e longo prazo por parte de profesionais do Concello e de Alume, en coordinación con profesionais sanitarios do noso sistema público, porque a complexidade destas persoas é moita.

No propio fogar do transeúnte contan con instalacións, onde poden facer uso de duchas, vestiarios, aseos, cociña, lavandería e por suposto pernoita. E o Concello dispón dunha vivenda exclusiva para este programa que se usa de xeito transitorio para que aquelas persoas en vías de reinsertión social e económica teñan un fogar namentres reciben o apoio multidisciplinar para recuperar a súa autonomía.

Como non pode ser doutro xeito, o noso fogar do transeúnte rexese pola normativa autonómica no seu desenvolvemento, que non contempla a convivencia con animais dentro destas instalacións. Polo que para poder permitilo, será necesario que a Xunta de Galicia modifique o decreto en vigor ou se pronuncie.

Vostede pódelle dar á cabeza pero mire, o que ten que facer é ler. No Plan de Atención ás Persoas sen Fogar de Galicia 2019-2023, a propia Xunta de Galicia no seu obxectivo específico 10.6 di textualmente, non o digo eu, Olga López, dino vostedes, o Goberno do Partido Popular: “desarrollo y puesta en marcha de un

protocolo para que las personas usuarias de alojamientos puedan acceder con sus mascotas, dada la relevancia del vinculo afectivo entre personas sin hogar y sus animales de compañía”.

¿Dónde está el protocolo de la Xunta? ¿Dónde está el cambio de normativa que ella misma se pone como deberes? El plan... sí, sí.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A ver, por favor, por favor. Señora Macamen, por favor. Non, non. Son preguntas retóricas porque hai unha orde de intervención establecida no ROMP que é ao que nos temos que acatar todos. Polo tanto, vostede fixo a súa intervención e agora ten, pois a resposta por parte do Goberno, que lle pido que vaia finalizando que ten...

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** É que lamento, lamento profundamente, o uso partidista que o Partido Popular está a facer deste asunto. Laméntoo, pero dígollo a nivel persoal e a nivel institucional. Porque dende a Concellería de Benestar estúdase diferentes problemáticas e danse alternativas a todas... a todas as persoas e así consta...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou xa... finalizou o seu tempo. Moitas grazas. Rogo realizado.

#### PREGUNTAS:

**A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 65/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA DEMANDA DOS VECIÑOS DE CASTELO USUARIOS DA LIÑA 5 DO BUS URBANO**

Visto o devandito escrito, no que se formulan as seguintes preguntas:

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta **para a súa resposta en pleno as seguintes preguntas** a demanda de veciños de Castelo usuarios da liña 5 do bus urbano.

1. No percorrido que fai dende Avda. Américas ao HULA, a parada máis próxima ao centro da cidade está nas proximidades da Fonte do Rei. Contempla o equipo de goberno modificar a ruta para que os usuarios poidan coller a liña nun punto máis próximo ao Casco Histórico?

2. Os veciños manifestan que este autobús en ocasións non atende as paradas solicitadas polos usuarios. Ou non para en determinadas paradas onde hai usuarios agardando a liña. Por que motivo acontece isto? Existe algún rexistro das solicitudes das paradas que non efectúan?
3. Os usuarios desta liña vense imposibilitados a empregar o autobús nos descansos de mediodía para acudir a comer aos seus domicilios xa que entre as 14:10 e as 14:00 horas nun sentido e entre as 15:20 e as 16:00 horas no outro non hai servizo. Sería posible dar servizo nestos intervalos de tempo?
4. Hai previstas modificacións que permitan cumprir os horarios, á vista de que actualmente é imposible cumprir o número de paradas e o percorrido establecido?

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ¿Fai uso da quenda de intervención? Si, pois...

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, alcaldesa.

Nada, muy brevemente para explicar el porqué de estas preguntas.

Desde el Partido Popular lo que hicimos es trasladar, hacernos eco de unas preguntas que nos formularon, o una serie de dudas o de cuestiones que tenían los vecinos del barrio de Castelo, cuando estuvimos reunidos con ellos a raíz de los problemas del transporte urbano en ese barrio y lo que queríamos, desde el Partido Popular es, y es una estrategia que vamos a adoptar de aquí en adelante, es poner a disposición nuestra cuota de preguntas y de ruegos y demás de los vecinos, pues para poder darle respuesta a cuestiones que, en ocasiones no se les da respuesta desde el equipo de gobierno.

Sí es cierto que al final el concejal de... delegado de... bueno, el concejal responsable de Transportes, Rubén Arroxo, al final los atendió, después de esta reunión y después de haber registrado estas preguntas. Y sí que creo que han, de alguna manera, aclarado alguna de estas cuestiones, pero bueno, estaban registradas. Yo creo que también es bueno que se respondan y las dudas, pues son muy simples.

Es cierto que nosotros participamos en las Mesas de Transporte. Es cierto que nosotros propusimos muchas cosas desde el Partido Popular en esa Mesa de Transporte y también es cierto que ese modelo de transporte, pues no es

exactamente el que desde el Partido Popular obviamente defendíamos. Quedaron muchas propuestas en el tintero, tanto en las líneas, tanto en la cobertura de las líneas en el Ayuntamiento de Lugo, como también, pues la aplicación móvil que seguimos sin tener, una aplicación del siglo XXI, los transbordos gratuitos o la gratuidad para los menores de 18 y los jubilados y pensionistas.

Pero estas cuestiones son concretas de la línea 5, que es, pues: ¿por qué la línea 5 no tiene una parada más cercana en la vuelta a su destino, en la vuelta hacia la zona de Castelo, más cercana al casco histórico, más cercana al centro? ¿Por qué en ocasiones parece ser que no se ha detenido a recoger a usuarios que estaban esperando en las paradas? ¿Por qué al medio día no tienen un servicio para poder volver a comer las personas que tienen horario partido o que, bueno, que necesitan volver al mediodía, retornar a sus casas al mediodía, no tienen esa posibilidad a través de la línea 5? ¿Y qué modificaciones hay previstas?

Por tanto, con la mejor de las voluntades, presentamos estas preguntas para intentar solventarlo y de nuevo, nos ponemos a disposición de este equipo de gobierno para intentar mejorar el transporte urbano, como llevamos haciendo durante todos estos años, durante todos estos meses. Y además agradezco el que se cuente, en parte, no todo, pero en parte con nuestras aportaciones.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

Pois dálle resposta o conselleiro de Infraestruturas Urbanas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Bo día, moitas grazas.

Bueno, co referente a estas preguntas, se hai algunha liña que ten problemas é a liña 5 porque, bueno, dimensionouse mal e é demasiado longa para os tempos que ten para facer. Está tendo primeiramente xa o problema dos propios retrasos que vai acumulando e que, polo tanto, pois dificulta moito incluso o seu uso.

É una liña que hai que reformular, hai que reformar, e na cal pois aproveitando que hai que reformar, pois xa se van ter en conta pois estas cuestións que quedaron sobre a mesa que evidentemente, pois si, é xusto pedilas porque si



que é certo que tanto problema de regresar nas horas do mediodía como o problema de poder regresar dende o centro, pois non é sinxelo co deseño que hai desta liña.

A idea é que a ser posible a semana que vén poidamos incluso ter unha Mesa de Transportes, se non a semana que vén será a seguinte a moito tardar, para que cando teñamos xa a medición deste cambio que se poida facer nesta liña, poder levalo a cabo o antes posible.

É con respecto ó punto 2 dicir que, bueno, realmente isto non debería de pasar. Entón se pasa, o mellor é anotar a incidencia do día que foi, na parada que foi, pois para poder trasladalo, porque os buses teñen que parar en todas as paradas si haixente agardando por el ou si se solicita.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

### C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

**- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL INSTANDO ÁS AUTORIDADES DA REPÚBLICA DE EL SALVADOR A DAR CUMPRIMENTO Á SENTENZA DO TRIBUNAL INTERAMERICANO DE DERECHOS HUMANOS DO 2 DE NOVIEMBRE DE 2021**

O Excelentísimo Concello Pleno aproba a Declaración Institucional instando ás autoridades da República de El Salvador a dar cumprimento á sentenza do "Tribunal Interamericano de Derechos Humanos" do 2 de novembro de 2021, que foi asinada por todos os/as voceiros/as dos Grupos Municipais do Concello de Lugo, segundo o seguinte teor:

“A penalización absoluta, sen excepcións, do aborto República de El Salvador provoca situacións non só contrarias aos dereitos reproductivos e a liberdade das mulleres senón mesmo de abuso na persecución penal da que non se libran nin sequera moitas mulleres que sofren abortos espontáneos. A dureza con que se castigan moitos destes abortos, baixo a cualificación de homicidios agravados, fai que moitas das mulleres que pasan por este transo reciban condenas de prisión de entre 30 e 50 anos, penas practicamente inéditas no dereito comparado.

Estes extremos, entre outros foron postos de manifesto na sentenza do pasado día 2 de novembro do Tribunal interamericano de Derechos Humanos no

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

que titula como "Caso Manuela y otros versus El Salvador". A sentenza relata como Manuela, unha muller sen recursos e analfabeta dunha zona rural do país que padecía dun linfoma de Hodgkins non diagnosticado, tras ingresar o 27 de febreiro de 2008 no hospital por unha urxencia obstétrica despois de perder o fillo que estaba xestando, foi denunciada pola médica que a atendeu por un posible aborto, detida no mesmo hospital e ingresada en prisión. Posteriormente foi enxuizada e condenada a 30 anos de prisión. Finalmente Manuela faleceu o 30 de abril de 2010 despois de permanecer algo máis de dous anos en prisión durante os que non recibiu sequera, segundo a sentenza do tribunal internacional os coidados médicos que lle foran prescritos para frear o seu carcinoma linfático. Así na sentenza se relata como non só non foi debidamente atendida cando acudiu a urxencias e que non foi sometida a exame médico algún nin na súa detención nin no ingreso en prisión senón que tampouco", consta que se le haya realizado algún examen médico a Manuela entre marzo de 2008 y febrero de 2009, pese a los bultos que tenía en el cuello, y a que entre noviembre de 2008 y febrero de 2009 Manuela perdió más de 13 kilogramos de peso y padeció de fiebre alta e ictericia. Adicionalmente, la Corte consideró que el tratamiento brindado por el Estado para el linfoma de Hodgkin con esclerosis nodular diagnosticado a Manuela en el 2009 fue irregular. En particular, se observa que: (i) no fue llevada a la cita para recibir quimioterapia pautaada para el 2 de abril de 2009 sino hasta el 22 de abril, y en ese tiempo aumentó su tumoración; (ii) en enero de 2010 se desfasó un mes el tratamiento, y (iii) tras recibir quimioterapia el 6 de noviembre de 2009 y el 14 de enero de 2010 no fue llevada a los controles subsecuentes".

O caso de "Manuela" non é un caso único na xurisprudencia recente da República de El Salvador. A propia sentenza de referencia afirma: "La Corte advirtió que la mayoría de las mujeres procesadas por estos hechos tienen escasos o nulos ingresos económicos, provienen de zonas rurales o urbanas marginales y tienen baja escolaridad. Además, es frecuente que las denuncias sean presentadas por el personal médico de la institución de salud donde estaba siendo atendida la mujer". Unha denuncia que veñen reiterando as organizacións de dereitos humanos de aquel país.

Á vista de todos os feitos descritos a sentenza considera que El Salvador conculcou os dereitos fundamentais contidos ata en 5 artigos da Convención Americana (Dereitos á liberdade persoal e a presunción de inocencia; Dereito ás garantías xudiciais, a integridade persoal e a igualdade diante da lei; Dereitos á vida, a integridade persoal e á vida privada; e o Dereito á integridade persoal dos familiares.

Por todo iso o Tribunal Interamericano de Derechos Humanos condenou o Estado de El Salvador a:

- A publicación da Sentenza e o seu resumen oficial.
- Realizar un acto público de recoñecemento de responsabilidade internacional
- Outorgar becas de estudo ao fillo menor y ao fillo maior de Manuela.

- Brindar gratuitamente, e de forma inmediata, oportuna, adecuada e efectiva, tratamento médico, psicolóxico e siquiátrico aos pais de Manuela.
- Regular a obriga de manter o secreto profesional médico e a confidencialidad da historia clínica.
- Desenvolver un protocolo de actuación para a atención de mulleres que requiran atención médica de urxencia por emerxencias obstétricas;
- Adecuar a súa regulación relativa á prisión preventiva.
- Deseñar e implementar un curso de capacitación e sensibilización a funcionarios xudiciais e ao persoal de saúde .
- Adecuar a súa regulación relativa á dosimetría da pena de infanticidio.
- Deseñar e implementar un programa de educación sexual e reprodutiva.
- Tomar as medidas necesarias para garantir a atención integral en casos de emerxencias obstétricas;
- Pagar indemnizacións por concepto de dano material e inmaterial.

Por todo isto o Pleno do Concello de Lugo:

- 1.- Quere mostrar a súa solidariedade coas mulleres que sofren en El Salvador situacións análogas a aquelas que condena a CIDA na súa sentenza de 2 de novembro de 2021
- 2.- Insta ao goberno de España a que conmine as autoridades salvadoreñas a aplicar os extremos da sentenza que implican cambios normativos e estruturais para adecuarse as esixencias do Convenio Americano de Dereitos.
- 3.- Insta respectuosamente as autoridades salvadoreñas e, nomeadamente, ao Excelentísimo Señor Presidente da República, Nayb Bukele, a adoptar as medidas precisas para dar o máximo cumprimento á sentenza da Corte Interamericana de Derechos Humanos.
- 4.- Da traslado deste acordo ao Excmo. Sr. Embaixador da República de El Salvador en España e á Secretaría de Estado para Iberoamérica y el Caribe y el Español en el Mundo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación do Goberno de España."

**- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA VISIBILIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL**

## DAS ENFERMIDADES RARAS- 28 DE FEBREIRO

O Excelentísimo Concello Pleno aproba a Declaración Institucional para a visibilización do Día Mundial das Enfermidades Raras, que foi asinada por todos os/as voceiros/as dos Grupos Municipais do Concello de Lugo, segundo o seguinte teor:

“Na UE, as enfermidades raras (ER) son aquelas con unha prevalencia de menos de 5 persoas por cada 10.000 habitantes. A metade das familias esperan máis de 4 anos para lograr un diagnóstico e un 20%, máis dunha década. Ademais, só o 5% das máis de 6.000 enfermidades raras teñen tratamento.

Máis de 300 millóns de persoas no mundo, 3 millóns en España e 200 mil en Galicia conviven con estas enfermidades. O 28 de febreiro celébrase o Día Mundial das ER para visibilizar as dificultades de acceso en equidade ao seu diagnóstico e tratamento.

A Federación Española e a Federación Galega de Enfermidades Raras aliñan os seus desafíos coas alianzas: europea, iberoamericana e internacional. Este ano o lema da Federación Española, Como che ves en 2030? busca reflexionar para afrontar, entre outros, os seguintes retos, poñendo de relevo a importancia da EQUIDADE:

1. Impulsar e implantar o desenvolvemento da estratexia de enfermidades raras do Sistema Nacional de Saúde, actualizándoa, dotándoa dos recursos necesarios e garantindo a coordinación en todo o territorio nacional. Nesta liña Fegerec recoñece o paso que supón a posta en marcha en Galicia da Estratexia Galega de Enfermidades Raras posta en marcha en Galicia.
2. Impulsar o funcionamento dos rexistros de enfermidades raras en todas as Comunidades. Galicia conta desde o 2019 co RERGA (Rexistro de ER de Galicia).
3. Favorecer a investigación e a súa sustentabilidade a través dun aumento no investimento do PIB que en España é un 1,25%, en liña con países como Alemaña que destina o 3%.
4. Garantir o acceso a probas xenéticas e técnicas de cribado neonatal en todo o territorio, xa que en moitas ocasións son esenciais para o diagnóstico. O Programa de Cribado Neonatal nas distintas rexións varía, desde o mínimo de 10 enfermidades establecido polo Ministerio ata 40 nalgunha comunidade.
5. Recoñecemento da especialidade de xenética clínica en España, que é o único país europeo que carece dela, habendo un 70% de enfermidades raras cuxo orixe é xenético.
6. Equidade no acceso ao tratamento, independentemente da comunidade de

residencia.

7. Favorecer a coordinación entre os centros de referencia e outros centros sanitarios para reducir o desprazamento das familias onde se concentre a experiencia.

8. Garantir a equidade no acceso aos servizos asistenciais recollidos na Carteira de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e nas diferentes carteiras autonómicas: atención temperá, rehabilitación funcional e atención psicolóxica.

9. Fortalecemento dos servizos sociais, e construír o ansiado espazo sociosanitario.

10. Equidade na inclusión social segundo as necesidades específicas tanto no ámbito educativo como no laboral, favorecendo a conciliación laboral e familiar do noso colectivo.

O número de pacientes con ER en cada territorio non favorece un coñecemento suficiente para o entendemento e abordaxe destas enfermidades, polo que en 2021 a Resolución da ONU sobre ER alude á importancia fundamental da equidade. A acción de cada territorio é fundamental para lograr estes retos específicos e os obxectivos globais.

Feder e Fegerec instan ás Institucións competentes galegas e estatais a desenvolver accións estratéxicas que garantan o acceso en equidade ao diagnóstico, tratamento e atención sociosanitaria favorecendo que:

- España asegure que as medidas da Resolución da ONU elévanse á Asemblea da Organización Mundial da Saúde.

- A presidencia de España no Consello da UE comprométase a impulsar un Plan de Acción Europeo durante a súa presidencia en 2023.

- O noso país faga efectiva a avaliación e actualización da Estratexia de ER no Sistema Nacional de Saúde.

- As Comunidades Autónomas desenvolvan plans integrais e políticas en ER encamiñadas a garantir a equidade no acceso aos recursos.

**- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

O Excelentísimo Concello Pleno aproba a Declaración Institucional con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, que foi asinada por todos

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

os/as voceiros/as dos Grupos Municipais do Concello de Lugo, segundo o seguinte teor:

“O Concello de Lugo, neste 8 de maio, expresa o seu compromiso cos valores da loita feminista, unha causa que non fai máis que reivindicar unha igualdade plena entre mulleres e homes. Esta igualdade desexada e aínda non conseguida, lonxe de ser unha petición para un colectivo afectado, é conditio sine qua non para que os dereitos democráticos sexan respectados e poidamos falar dunha sociedade xusta.

A difícil situación económica e social derivada da pandemia á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada pola crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas xa que aumentou a dureza dos obstáculos xa existentes para elas, sendo a metade da poboación, seguen sufrindo a fenda salarial.

Pero tamén a precariedade no emprego ten nome de muller, agravada pola situación da falta de regularización da súa situación laboral nalgúns sectores, ou mesmo o non recoñecemento do seu labor, como ocorre nos casos das dedicadas ao coidado dos seus familiares e achegados enfermos.

Segundo o informe do Foro Económico Galego, o 75,5% das persoas con traballo a tempo parcial en Galicia no último trimestre de 2021 son mulleres, mentres que o emprego temporal medra máis nas mulleres (un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes) e teñen maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). A UXT acaba de facer público un informe no que advirte que Galicia mantén unha fenda salarial que provoca que as mulleres gañen aproximadamente 5.000 euros ao ano menos que os homes.

A capacidade e independencia económica é unha das maiores ferramentas para o empoderamento da muller, debemos darlle a estas cifras unha importancia que transcende aos números e que, desgraciadamente, resultan directamente relacionadas con outras cifras que logo escandalizan e mesmo parecen inexplicables: o terrible número de mortes por violencia de xénero e de vidas estragadas (non só de mulleres) por unha violencia machista, explícita ás veces e implícita moitas outras, que segue a latexar no seo da nosa sociedade.

O 8 de marzo é un día para recordar a perniciosa presenza da discriminación da

muller, que persiste no seo da nosa sociedade, e contra a que debemos reaccionar desde todas as institucións e con todos os medios posibles. Así o entende o Concello de Lugo, que se compromete a apoiar as reivindicacións de igualdade entre homes e mulleres dando especial importancia a dous obxectivos irrenunciáveis e urxentes a día de hoxe: a educación non sexista desde idades temperás e a sensibilización da cidadanía a través da visibilización desta secuela que se perpetúa ano tras ano. Cómpre tamén que a introdución da perspectiva de xénero sexa transversal e que á vez teña en conta particularidades de diversos grupos como o das mulleres de idade avanzada, as mulleres con discapacidade, as mulleres inmigrantes, etc.; así como que se contemplan as diferenzas entre as necesidades prioritarias para elas no ámbito urbano e no rural.

Así mesmo, dende o Concello de Lugo, queremos recoñecer o papel do movemento e da axenda feminista en todos os ámbitos internacionais, e no galego e lucense en particular, polo que apoiamos tamén o desenvolvemento das accións e mobilización de apoio á igualdade que veñen desde os ámbitos sociais. É necesaria a unión, e o exercicio de escoita permanente das reivindicacións sociais é clave para darlle un maior pulo ás medidas impulsadas polas administracións."

**- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL COMO MOSTRA DE PESAR POLAS VÍCTIMAS DO NAUFRAXIO DO PESQUEIRO "VILA DE PITANXO"**

O Excelentísimo Concello Pleno aproba a Declaración Institucional como mostra de pesar polas vítimas do naufraxio do pesqueiro "Vila de Pitaxo", que foi asinada por todos os/as voceiros/as dos Grupos Municipais do Concello de Lugo, segundo o seguinte teor:

"Con motivo do naufraxio do buque "Villa de Pitaxo" en Terranova, o Concello de Lugo quere transmitir o seu máis sentido pésame ás familias e seres queridos dos 21 tripulantes falecidos e desaparecidos así como o seu alento e o desexo dunha pronta recuperación aos tripulantes superviventes.

Ademais, o Concello de Lugo quere trasladar a súa solidariedade coa comarca do Morrazo e o seu afecto e recoñecemento ao conxunto da grande familia do mar.

O pasado martes 15 de febreiro, as frías augas de Terranova levaron a vida de 21 persoas. 21 dos 24 mariñeiros que tripulaban o buque galego "Vila de Pitaxo", con base en Marín. Este naufraxio amósanos con enorme dureza os perigos cos que se enfrontan diariamente as persoas que traballan no mar.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac975836593415694653.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-2-20222

Despois de séculos de estreita relación co mar e despois de termos vivido como pobo innumerábeis traxedias vinculadas a el, nin as comunidades mariñeiras nin o resto de Galicia somos quen de asimilar a inmensa dor que produce a perda de milleiros de mariñeiros que ao longo da historia nunca volveron da súa marea a terra firme.

O conxunto da cidadanía galega, e entre eles a cidade de Lugo, acompañou dende o primeiro momento ás familias dos falecidos e desaparecidos na súa dor e hoxe, conscientes de que non hai consolo nin palabras nestas circunstancias, o Concello de Lugo súmase a elas neste momento de fonda tristura para o país e insta a todas as autoridades competentes a poñer á súa disposición os medios e recursos necesarios e a axilizar todos os trámites precisos para que as familias do "Villa de Pitaxo"; poidan comezar a súa dó."

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois levamos esta catro declaracións institucionais de forma unánime tal e como acordamos na Xunta de Portavoces, tanto a primeira de instar ás autoridades públicas de El Salvador en cumprimento da sentenza do tribunal, pois foi a petición da propia asociación que está defendendo esta situación e polo tanto pois dámoslle voz a esta asociación para facer esta declaración institucional. O mesmo pasa coa de enfermidades raras, que tamén nola solicitaron facer esa declaración institucional para seguir dando visibilidade, pois a una minoría da sociedade, pero non por iso, pois que haxa que poñer o foco nesa situación.

A do 8 de marzo, como todos os anos, onde se fixeron aportacións de distintos eidos para darlle forma ó texto e desgraciadamente tamén, pois esa mostra de pesar, que xa fomos manifestando pois nos distintos actos, así como os días de loito que fomos levando a cabo, decretados por las distintas administracións e trasladar pois o pesar as súas familias, amigos e coñecidos das vítimas dese naufraxio do pesqueiro do Vila de Pitaxo.

E dicía ó principio do Pleno que era o primeiro Pleno que facíamos de maneira presencial dende que iniciamos, pois este ano 22 e, polo tanto, pois para poder dar de forma presencial, pois ese gran libro do que xa dispoñemos, pois no acervo municipal desa obra do *Parque Rosalía de Castro*, de Adolfo de Abel Vilela, que a verdade é un exemplar para ter e manter no tempo pola súa calidade, tanto documental como no texto, como da importancia do centenario, que foi o que



motivou este libro, o centenario do propio Parque Rosalía de Castro. Así que, que o disfruten todos e todas. Moi bo día.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as once horas e corenta e sete minutos do expresado día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**